

infraestruturas

Comeza a obra de peonalización dun tramo da rúa Milagrosa. **Páx. 6**

medio rural

A veciñanza pide á Xunta prioridade para o saneamento no rural. **Páx. 8**

sociedade

O Concello promove o uso do autobús urbano entre o alumnado lugués. **Páx. 13**

economía

A CIG para as obras da intermodal en demanda dun convenio galego. **Páx. 15**

cultura

Tanxugueiras volve ser cabeza do cartel de concertos do San Froilán. **Páx. 17**

Unha aposta polas infraestruturas fluviais



A Protectora ten encamiñada a súa mellora

O presidente da entidade conta cun inicio en breve da remodelación das instalacións. **Páx. 2-3**

Arroxo anuncia a construción de 9 rotondas

A primeira estará situada na intersección de Alfonso X e Ronda de Fingoi. **Páx. 5**

CEIP As Gándaras



Celebrou neste mes de xuño os 50 anos da súa creación. **Páx. 12-13**

Zuncurrundullo



Reportaxe sobre a historia deste colectivo de Castroverde. **Páx. 27**

Club de Billar Adai



Desde o Corgo promoven a práctica deste deporte e torneos. **Páx.31**

Galicia agochada en museos singulares

Un percorrido por espazos culturais únicos fóra dos circuitos turísticos habituais. **Páx. 20-21**



CUIDA TU PIEL ANTES DE LA EXPOSICIÓN SOLAR

Prueba nuestro tratamiento especial (peeling + hidratación) y llévate de regalo un pack de mantenimiento

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

CORPORAL
Tratamientos corporales
Manos y pies

FACIAL
Tratamientos faciales
Cejas y pestañas
Labios y ojos

“Non se pode explicar o que enche un animal a unha familia”

O presidente da Protectora de Animais e Plantas de Lugo, Alberto Losada, séntese esperanzado con respecto á mellora das instalacións, que acollen centos de animais que esperan un fogar definitivo

Jessica Fernández

Despois de que o presidente da Sociedade Protectora de Animais de Lugo, Alberto Losada, se reunira co alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, para presentar-lles o proxecto para remodelar as actuais instalacións situadas en Muxa; este séntense máis aliviado por saber que ambas institucións, así como a Xunta de Galicia, están de acordo e traballarán de maneira conxunta para que se faga realidade. Agora, serán os técnicos municipais os que deberán analizar se esta solución cumpre coa lexislación desde o punto de vista urbanístico. E, se se confirma esta viabilidade urbanística, tanto o Concello de Lugo como a Deputación comprometéronse en actuar para dar unha solución definitiva á situación da protectora, que aínda non están legalizadas debido a que hai caniles construídos sobre un regato subterráneo que atravesa a parcela, polo que a obra principal será a destrución destes caniles e deixar 7 metros de distancia co regato, condición que pon a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) para poder legalizar as instalacións, polo que “ese é o primeiro paso”, explica Losada.

As obras, que suporán, tal e como marca o proxecto, unha inversión de arredor de 700.000 euros, estarán sufragadas polas tres institucións públicas, o Concello de Lugo, a Deputación de Lugo, e a Xunta de Galicia, en partes iguais, tal e como explica Losada, que lembra que nos orzamentos municipais do Concello de Lugo deste ano 2025 hai reservados 500.000 euros para o desenvolvemento do proxecto e as obras. “Con ese diñeiro



e a aportación da Deputación e da Xunta, poderíamos remodelar a finca anexa, cedida pola Deputación de Lugo, onde se atopa a zona de paseo dos cans, que é de 40.000 metros, e poder habilitar en total 150-200 caniles”, explica o presidente. “Este é un avance moi grande, o de que as institucións estean de acordo para poder levar a cabo a reforma que levamos planificando 7 anos e que mellorará as condicións de vida dos cans e dos gatos que temos”.

A seguinte fase despois da aprobación por parte de Urbanismo do proxecto, será “investir en crear uns caniles de corentena e de illamento, que non temos agora mesmo. Se ven unha pandemia dunha enfermidade canina ou gatuna, non temos onde meter os animais, o que facemos é tirar das casas de acollida e temos sorte porque a xente responde moi ben, pero nós non dispoñemos desas instalacións”. Despois, explica,

é legalizar as instalacións, polo que se tirarán caniles preto do regato e deixarase o que existe a CHMS, 7 metros de distancia a ambos lados do regato. E, despois, “construiremos caniles máis grandes e con mellores condicións, porque temos uns que poderían ser considerados como zulos, e deberíamos contar con instalacións que cumpran as esixencias que marcan as protectoras modernas, co menor estrés para os animais posible”, destaca.

A IMPLICACIÓN DA SOCIEDADE

Alberto Losada comentou que son moi importantes as casas de acollida, sobre todo cando houbo enfermidades, xa que non hai caniles habilitados para corentena, pero tamén destaca as casas de acollida como un lugar onde darlle “a mellor vida a un can vello, que está a piques de morrer, porque sente o amor huma-

no aínda que sexa nos seus últimos meses ou anos da vida”, explican. As casas de acollida supoñen que unha persoa leva o animal a súa casa, pero segue sendo “propiedade” da protectora, facéndose esta cargo dos seus cargos de veterinario e de alimentación. As casas de acollida son

necesarias en casos nos que hai que apartar un animal san dun enfermo, para animais vellos, para cadelas ou gatas embarazadas que necesitan un lugar tranquilo para aleitar ás crías, ou para recuperacións de operacións; pero tamén é unha boa forma de encariñarse cun animal e quedar con el, propiciando no futuro unha adopción. O que teñen moi claro, di Alberto Losada, é que “os animais non son xoguetes temporais. Se unha persoa nos di que quere acoller dous meses un can para logo devolvé-lo, non llo damos, dicímoslle que é mellor que quede aquí, porque darlle o calor dun fogar para logo devolvé-lo á protectora é moi doloroso para o animal. Ás veces devólvennos animais porque non se adaptan coa familia e dános moita pena velos volver, porque a nosa intención é darlle saída a cada un dos animais que entran na Protectora, que son arredor de 600 ao ano. Tamén é certo que saen moitos e moitos están en casas de acollida durante varias etapas do ano. Contaremos con arredor de 300 e pico cans e 200 e algo gatos, pero centos deles en casas de acollida. Se nos devolveran agora todos os animais que están en casas de acollida, non caberían nas instalacións da Protectora”, recoñece.

Así, en xeral, valora moi positivamente a colaboración cidadá luguesa na Protectora: “Sentímonos apoiados e, cando facemos algunha acción ou campaña, a xente responde. Desde a súa creación no ano 1982 e con máis





• ESO

- Científico-Tecnolóxico
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Artes: Artes Plásticas, Deseño e Imaxe
- Artes Escénicas, Música e Danza



OFERTA FORMATIVA

• FP

- **FAMILIA DE HOSTALARÍA E TURISMO**
 - Ciclo Básico de Cocina e Restauración.
 - Ciclo Medio de Cocina e Gastronomía (COGA)
 - Ciclo Superior de Dirección de Cocina (DIRCO)
 - Ciclo Superior de Dirección en Servizos de Restauración dispoñible como oferta modular (DIRSR)
 - Ciclo Superior de Guías, Información e Asistencia Turísticas
- **FAMILIA DE INDUSTRIAS ALIMENTARIAS**
 - Ciclo Medio de Panadería, Pastelería e Confeitaría presencial e a distancia-semipresencial (modular)



IES Sanxillao

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADES

• CICLOS DUAL INTENSIVA

- **HOSTALARÍA E TURISMO**
 - Dirección de Cocina (DIRCO). Convenio co SERGAS.
 - Cocina e Gastronomía (COGA)
 - Servizos en Restauración (SERES)
- **IMAXE E SON**
 - Ciclo superior de Son para Audiovisuais e Espectáculos, de carácter bianual.

No curso 2025-2026 impartirase o segundo curso deste ciclo tamén en modalidade DUAL INTENSIVA.



de 40 anos de traballo, podemos dicir que cada vez hai máis conciencia sobre o benestar animal e, por exemplo, cada ano en Nadal conseguimos recadar arredor de 20.000 euros coa Lotería de Nadal, co que sufragamos moitos dos gastos da Protectora. Ademais, o primeiro sábado de cada mes facemos unha acción de Kiwoko, de 10.00 a 22.00 horas, para recoller penso e súmase moita xente". Ademais, non só valoran á xente de Lugo, senón tamén a moita outra que adopta doutros lugares, e non falamos da Coruña ou Ourense, falamos de persoas de Reino Unido que solicitan unha adopción. "Nós mandamos moitos cans de viaxe a persoas que namoraron de cans que tiñamos. Agora menos, pero tamén o seguimos facendo. Cabe resaltar unha vez que veu un desde Suíza na súa avioneta particular a recoller un can, adoptouno e marchouse con el na avioneta. O que máis nos gusta é o despois, cando nos mandan fotos de como evolucionan eses animais nas casas".

Con respecto á conciencia, sostén que "segue a haber maltrato animal, pero polo menos agora é noticia e perséguese, cousa que antes non. Antes podías ver un animal atado

durante anos, que se tiña auga e comida, non era maltrato; agora iso cambiou e podemos actuar neses casos. Ao igual que cambiou a propia protectora, que cando se creou era unha "perrera", xa que os cans estaban soltos, non había caniles e polas noites había pelexas, nas que atopaban cans mortos pola mañá. Agora, o concepto "perrera" non nos

"O concepto 'perrera' non nos gusta nada, porque o noso labor non é so acoller, senón protexer"

gusta nada, porque o noso labor non é simplemente acoller, senón protexer, por iso somos protectoras que coidan, alimentan e sanan animais". Ademais, destaca a colaboración entre entidades co mesmo obxectivo: "Estamos en contacto con outras protectoras ou residencias caninas, como Garatuxa, onde temos varios dos nosos animais. Ademais, tamén colaboramos con Michos Lugo, que

se encarga das colonias de gatos de Lugo; temos colaboración con Alma Animal, coa protectora de Sarria, O Camiño... É dicir, toda a colaboración que poidamos ter para darlle saída aos animais e protexelos é o que promovemos. Así como outro tipo de accións e campañas enfocadas en sacar os animais á rúa, que é unha parte moi importante, xa que conseguimos a adopción. Por exemplo, estivemos nunha andaina con algúns cans, estivemos nun partido do Breogán onde conseguimos que unha persoa adoptara a un can... Todas estas accións axudan a cumprir o obxectivo".

PRESENTE E FUTURO

A Protectora de Animais de Lugo conta con sete persoas empregadas e arredor de 15 persoas, sobre todo os sábados, cando a xente ten máis tempo para vir e sacar os cans a pasear ou xogar con eles. Pero, ademais, as persoas poden ser socias ou madriñas ou padriños, que consiste en apadriñar un can e "protexelo", aportando máis diñeiro que un socio e preocupándose por que ese animal atope un fogar. "Adoptar é bo para o animal, pero tamén para

quen adopta, porque dá amor, compañía, obrígate a saír pasear, a coidar doutro ser vivo... Non é explicable con palabras o que enche un animal nunha familia. E moitas veces a xente, cando se lle morre un can ou un gato di que non quere máis porque sofre, pero eu diría que eses 10 ou máis anos que conviviu con ese animal, mereceron a pena, e que sempre compensa e é bonito volver vivilo, ademais de que se lle dá unha oportunidade a un ser que tamén merece cariño".

Pero, sostén, que o "ideal" sería que "a Protectora acabara desaparecendo. O noso obxectivo é sacar a cantos máis animais, mellor, conseguindo unha casa para todos eles e que non haxa máis abandono nin maltrato, pero a cousa vai pouco a pouco. A sociedade vai cambiando; era impensable hai 25 anos que os Bombeiros rescataran a un gato pechado na casa, pero hoxe faise". Porén, lembra que segue a haber xente que non ten esa conciencia "e temos que ter coidado. Ás veces vén unha persoa e dinos que quere un can porque ten unha leira soa e que quere un can para protexela e nós dicímoslle que, nesas condicións, non o leve. Os cans que veñen aquí xa veñen en circunstancias comprometidas e non quereamos ser parte delas".

Con respecto á Lei do Benestar Animal, Losada defende que "cando saíu, asustou moito á xente e creo

que algún animal morreu a causa dela, porque moitas persoas preferiron desfacerse dos animais a cumprir a norma. Unha vez chamounos un señor dicindo que nos levaba os cans porque pola semana estaba con eles na casa pero as fins de semana non e, para non ter multas, que os levabamos ou os soltaba no monte. Xente así, por desgracia, segue habendo. Pero, en xeral, a Lei establece unhas normas que consideramos xustas. Ter os animais con microchip para localizalos é algo bo para os donos e para os animais. Realmente, deberían poñer máis multas". Por outro lado, Losada cre que "non se pode prohibir absolutamente a venda de animais", preguntado por que opina dos núcleos zoolóxicos que si permite a Lei. "Os criadores teñen dereito a vender os cans de raza, aí non nos podemos meter. Se alguén quere pagar 3.000 euros por un can de raza cando aquí hai centos de cans esperando unha oportunidade para ser adoptados e que o necesitan e por 0 euros, que cada un decida" Incluso, comenta que hai "cans atascados", que levan na Protectora moitos anos e que non consiguen atopar un fogar. Así, espera que a mentalidade da sociedade con respecto aos animais, concretamente cans e gatos, siga evolucionando, e que cada vez saian máis animais da Protectora e atopen un fogar definitivo.



Clinica dental Mosquera Otero

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos una razón PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es



Aposta por colaborar co Colexio de Arquitectos para transformar a cidade

Rubén Arroxo anunciou que manterá diversas colaboracións co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para desenvolver as intervencións máis relevantes no proceso de transformación urbana da cidade. Rubén Arroxo, responsable da Tenencia de Alcaldía, reuniuse coa presidenta do COAG en Lugo, Carmen Figueiras Lorenzo, e coa exconselleira de Vivenda e integrante do Consello da Unión Internacional de Arquitectos, Teresa Táboas, para abordar estes proxectos. Arroxo destacou que “é preciso transformar e non construír Lugo, pois é unha cidade feita, con moita historia”. Engadiu que existen diver-

sos retos para mellorar o espazo público, co obxectivo de ampliar zonas verdes e espazos peonís que faciliten a convivencia cidadá. Entre as actuacións en marcha sinalou a renovación integral do Carril das Flores e a conexión dos parques de Rosalía e Marcos Cela mediante unha plataforma peonil, que permitirá crear unha gran senda peonil no eixo leste-oeste da cidade. En materia de mobilidade, resaltou o plan para construír a “cidade dos 5 minutos”, onde todas as persoas teñan acceso a zonas ao aire libre nun radio de cinco minutos, independentemente de onde residan.

Acordo entre Fernández e Rueda para instalar unha praia fluvial

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, mantivo un encontro de traballo co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, no que puxo enriba da mesa unha serie de proxectos clave para o futuro da cidade e nos que reclamou maior implicación do Executivo autonómico. Ao remate da xuntanza, que cualificou como produtiva, o rexedor anunciou que obtivo o compromiso de Rueda para impulsar a instalación dunha praia fluvial na zona dos Robles, entre este barrio e a Fábrica da Luz, unha vella demanda veciñal que, segundo denunciou, fora freada pola administración galega en etapas anteriores. Ambas administracións prevén asinar un protocolo para facer realidade este espazo de baño público, que xa fora proposto polo Concello hai anos e que conta, segundo o alcalde, cun amplo consenso social. “Agora é o momento de sumar esforzos e deixar atrás os atrancos para materializar unha petición unánime da veciñanza”, subliñou. Durante o encontro tamén se abordaron cuestións relacionadas coa mobilidade urbana, como a mellora dos accesos ao barrio de Fontiñas. Fernández e Rueda acordaron traballar nunha proposta técnica e orzamentaria para desenvolver a avenida Vilaverde-Cidade de Portugal como solución viaria para esta zona. O alcalde tamén condicionou a recepción do aparcadoiro da avenida



Breogán, financiado con fondos da Xunta e aínda pechado por deficiencias, a que estea totalmente rematado e cumpra cos estándares previstos, incluíndo o sistema de videovixilancia. En paralelo, reiterouse a proposta do goberno local de executar un segundo aparcadoiro en Fontiñas, tamén con financiamento autonómico. Outro dos compromisos obtidos foi a receptividade por parte da Xunta á proposta de mellorar o acceso ao polígono industrial das Gándaras desde a autovía A-6 a través da rotonda da Campiña, unha demanda reiterada polo tecido empresarial lucense e que, segundo Fernández, suporía un impulso á competitividade industrial da cidade. O alcalde reclamou tamén un maior compromiso da Xunta coa conservación e promoción do patrimonio histórico-artístico de Lugo, en espe-

cial coa rehabilitación do cuartel de San Fernando para convertelo no Museo da Romanización de Galicia. “É un edificio BIC sen uso dende hai máis de 25 anos e que precisa dunha intervención urxente para optar a fondos como o 2 % cultural”, afirmou. Fernández lembrou que o compromiso autonómico vén de 2012 e acusou ao Goberno de Rueda de agraviar a Lugo, ao destinar 19 millóns de euros a outros proxectos como o Pazo de Lourizán mentres a cidade continúa agardando. Tamén reclamou avances reais na recuperación do barrio da Tinería e na rehabilitación do pavillón da OJE. O rexedor informou que promoverá un convenio entre o Concello, a Deputación e a Xunta para sufragar as obras de remodelación da sede da Protectora de Animais en Muxa, iniciativa que contou coa receptividade do presidente autonómico.

Menús Grupales

Salones individuales para un mínimo de 18 comensales

Menús grupales para 5 o más comensales

Cumpleaños
Comidas familiares
Comidas de empresa
Reuniones
Aniversarios
Bodas
Comuniones

TORRE DE NÚÑEZ Hotel

Porta de Lugo reclama máis servizos e melloras no Sagrado Corazón

A Asociación Veciñal Porta de Lugo, que representa ao barrio do Sagrado Corazón e forma parte da Federación de Asociacións Veciñais da Provincia de Lugo Lucus Augusti, vén de facer varias demandas importantes para mellorar a calidade de vida do seu barrio. Entre as principais peticións destaca a mellora do servizo de autobús, que consideran peor que o anterior. Antes, o bus número 7 levaba á xente do Sagrado Corazón ata o Cemiterio e o 7A ata a Universidade (Campus), pero agora só dispoñen do bus número 13, que ofrece moitos menos servizos. Por iso, reclaman que se recuperen os servizos anteriores. Tamén solicitan unha capa de aglomerado para reforzar o firme das rúas do entorno máis céntrico do barrio, concretamente na zona do

vello colexio, centro de saúde e centro social, así como o pintado dos pasos de peóns, xa que algúns están en mal estado. O aparcadoiro é outro problema grave para o barrio, xa que moitas casas non dispoñen de garaxe. Por este motivo, piden ao Concello de Lugo que negocie coa propietaria dun solar grande situado subindo pola Avenida Adolfo Suárez pola rúa Venancio Senra, onde se fan as festas do barrio, para poder utilizalo como aparcadoiro público. Ademais, os veciños reafirmaron a súa petición á Xunta de Galicia para que dote de servizos públicos as instalacións do vello Colexio (ABANCA). Nunha recente asemblea, acordaron solicitar que se habiliten neste espazo un centro de saúde, un centro social para reunións veciñais e unha garda infantil.

O PP denuncia o abandono de varias instalacións culturais

Concelleiros do Partido Popular denunciou a situación de abandono que presenta o coliving de artistas situado na Ronda do Carme, en Lugo. Segundo lembrou, este espazo foi anunciado polo goberno local como “unha experiencia innovadora para apoiar a creación artística e revitalizar o barrio do Carme”, pero un ano despois “o edificio está pechado, sen actividade e mesmo con telarañas nas manillas das portas, o que confirma que ten cero uso e utilidade”. O PP puxo o foco tamén sobre o estado de deterioración do Centro de Interpretación da Muralla, situado na Praza do Campo. Critican a falta de programación e contido coñecido no equipamento. Tamén denunciaron abandono do MIHL, que cualifican como unha obra de arte sen contido, nin plan de xestión nin conservación, e da Sala Porta Miñá, onde documentan numerosas deficiencias que, “evidencian a falta de mantemento do patrimonio lucense”.

O Concello dá un novo paso cara á Zona de Baixas Emisións (ZBE)

Tras a culminación das obras de peonización incluídas no proxecto Corazón Verde, o Concello de Lugo dá un novo paso cara a implantación da Zona de Baixas Emisións (ZBE), que se aplicará exclusivamente ao recinto intramurallas. Unha das medidas máis relevantes é a tramitación anticipada das autorizacións de acceso, coa intención de axilizar o proceso e permitir unha mellor adaptación cidadá cando entre en vigor a nova ordenanza.

Dende finais de 2024, está aberto un proceso para recoller as matriculas de residentes, usuarias, usuarios e empresas que operan no Centro Histórico. Ata o momento, o Concello xa dispón de 2.014 expedientes en tramitación, moitos deles con máis dun vehículo asociado, o que augura unha posta en marcha máis fluída do sistema de control por cámaras. Este proceso continuará aberto durante

tres meses máis, polo que o Goberno local anima á cidadanía a seguir presentando as súas solicitudes para evitar esperas ou problemas cando a ordenanza sexa efectiva.

O seguinte paso será a implementación dun novo plan de tráfico, que servirá como antesala ao definitivo, unha vez se solucionen as pequenas deficiencias detectadas polos técnicos nas recentes obras de peonización. Unha vez aprobada a ordenanza que regulará a ZBE, os itinerarios definitivos comezarán a funcionar e abrirase un período de seis meses no que se notificarán as infraccións sen aplicar sancións, co obxectivo de facilitar unha transición ordenada e sen sobresaltos.

O Concello destaca o traballo feito con previsión e participación cidadá. Ademais da consulta pública aberta no último trimestre de 2024, promoveronse encontros con asociacións

veciñais, comerciantes, hostaleiros, empresas de distribución e profesionais do transporte, cuxas achegas están sendo incorporadas ao borrador da nova normativa. Nos vindeiros días, o alcalde iniciará unha nova rolda de contactos co tecido asociativo para pechar os últimos detalles antes da aprobación definitiva.

O proxecto Lugo Corazón Verde, din, non só renovou espazos urbanos, senón que puxo o foco na mobilidade peonil e na posta en valor do patrimonio, cun modelo de cidade pensado para as persoas e adaptado aos retos ambientais. A ZBE, pola súa parte, responde á obriga legal da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética, que esixe a cidades de máis de 50.000 habitantes crear áreas con restricións ao tráfico máis contaminante, mellorando así a calidade do aire e favorecendo un modelo urbano máis sostible.

Lugo aposta pola mobilidade coa construción de novas rotondas

A Xunta de Goberno Local vén de aprobar a licitación das obras para construír unha nova rotonda na intersección entre Afonso X O Sabio e a Ronda de Fingoi cun orzamento de 216.125,70 euros e un prazo de execución de tres meses. O tenente alcalde, Rubén Arroxo, explicou que esta é unha das varias rotondas previstas para os vindeiros meses co obxectivo de mellorar a fluidez do tráfico e facilitar a mobilidade en puntos actualmente regulados por semáforos.

Desde a área de Infraestruturas Urbanas estase a estudar a im-



plantación doutras oito rotondas tanto na zona norte como na sur da cidade co fin de eliminar se-

máforos e mellorar o tránsito nos principais puntos de circulación de Lugo.

EN BREVE



INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. O voceiro popular Damián Carballo lamentou o “abandono sistemático” das infraestruturas deportivas por parte do bipartito de Lugo. Carballo advertiu que “nada se sabe do pavillón polideportivo prometido xa por tres alcaldes diferentes” e asegurou que “nin sequera manteñen en condicións dignas as dotacións que xa existen”.



O CASTIÑEIRO. A Asociación de Veciños e Comerciantes Poeta Díaz Castro, no Castiñeiro e integrada na Federación de Asociacións Veciñais da Provincia de Lugo Lucus Augusti, solicita á Concellería de Vías, Obras e Infraestruturas do Concello de Lugo que inclúa nos orzamentos municipais de 2025 unha reforma integral das rúas do barrio, en especial das máis deterioradas.



MONTE PENA RUBIA. A Xunta finalizou as obras de implantación dun sistema de drenaxe de augas pluviais na rúa Monte Pena Rubia, situada na parte baixa do novo aparcadoiro disuasorio da Avenida de Breogán, en Casás. O delegado amosou a súa confianza en que “se poida poñer en funcionamento canto antes unha infraestrutura moi necesaria para os usuarios dos novos servizos da zona e para a cidade en xeral”.





Expertos en audición desde 1992

¡CUIDANDO DE TU SALUD AUDITIVA!

NO TE DESCONECTES DEL MUNDO

- EVALUAMOS TU AUDICIÓN • ASESORÍA PERSONALIZADA
- Las mejores marcas del mercado como Siemens y Starkey
- Audífonos recargables, a pilas... y con movimientos de sonido

Si realizas tu compra durante la primera quincena de mes tendrás una ¡OFERTA EXCLUSIVA!

Estudio completo de su audición GRATIS siempre con la mejor solución

Avda. de A Coruña, 127 (enfrente a Mercasofá) - 27003 Lugo. Tel.: 982 252 109 - www.audinorlugo.es

E-27-000375



A deputada do BNG no Parlamento Galego, Montse Valcárcel, reclamou de novo á Xunta de Galicia que retire o anaco de muro antigo que deixaron apuntalado tras a renovación da contorna da Residencia en Lugo. Valcárcel lembrou que hai un ano xa se pediu a retirada deste muro e que, despois de retirar as conexións eléctricas, “seguimos a ver como afeia a imaxe da zona”.

“A Xunta sempre segue o mesmo proceso, planifican mal as obras, deixando os traballos a medias”, explicou Valcárcel, que engadiu que “a Xunta ten que traballar para mello-

rar a cidade, tamén no eido estético, pero segue a demostrar que non lle preocupa a cidade de Lugo, permitindo este tipo de solucións que empeoran a imaxe da cidade”.

A deputada reclamou á Xunta que mellore a planificación das obras “completándoas e non deixando anacos sen facer”, lembrando que a responsabilidade é da Xunta de Galicia por seren a administración promotora da renovación da contorna da Residencia. “Agardamos que a Xunta deixe de botar balóns fóra e traballen para mellorar a imaxe da cidade”, afirmou.

Comeza a obra de peonalización dun tramo da rúa Milagrosa

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, visitou a rúa Milagrosa acompañado de veciños e veciñas para anunciar o inicio da peonalización do tramo comprendido entre as rúas Mallorca e Xulia Minguillón.

Este proxecto, que será levado a cabo pola empresa Urbaconsa cun investimento de 409.005,80 euros, permitirá completar un corredor peonil que conectará a praza da Milagrosa coa praza de Bretaña, facilitando un percorrido seguro e accesible para toda a veciñanza.

Ademais da humanización da rúa, a obra inclúe a renovación completa da rede de abastecemento de auga, substituíndo as antigas tubaxes de PVC por tubaxes de fundición dúctil, e a instalación de novas válvulas, bocas de rego e de incendio para garantir a seguridade e durabilidade do sistema.

Tamén se instalará unha liña de rí-gola en ambas marxes da calzada para mellorar a drenaxe superficial,



dirixindo a auga cara aos sumidoiros e aos Sistemas Urbanos de Drenaxe Sostible (SUDS), o que reducirá o volume de auga que chega ao sistema municipal.

Nos últimos anos, o Concello avanzou na transformación urbana da zona norte da cidade con peonalizacións en rúas como Divina Pastora, Agro do Rolo, e partes da Milagrosa e Curros Enríquez. Recentemente,

támén se peonalizaron as rúas Luis Seoane e Camiño Real, creando unha rede de espazos peonís que reforzan o compromiso coa mobilidade sostible. Rubén Arroxo destacou que a zona da Milagrosa é xa un punto clave de encontro e dinamización social e económica no barrio, e que este proxecto ampliará ese impacto positivo, facilitando a accesibilidade e a convivencia veciñal.



O PP inclúe a demolición do muro de ASPNAIS no proxecto do novo centro

O PP conseguiu que a Xunta de Galicia incluíse no proxecto do novo centro de saúde mental, cuxa licitación foi publicada esta semana, a demolición do muro que rodea a parcela da antiga sede de ASPNAIS, na Rúa San Xillao. Esta intervención, que non estaba inicialmente contemplada, foi incorporada grazas á proposta da Comisión Técnica de Urbanismo do PP de Lugo, que o pasado 3 de xuño trasladou esta achega á Secretaría Técnica da Consellería de Política Social.

Logo de consensuar a proposta coa Consellería e coa asociación ALUME, conseguiuase un compromiso político para avanzar nun proxecto máis aberto, accesible e integrador para a cidade. “A licitación deste centro pioneiro en saúde mental foi presentada antonte e o proxec-

to xa contempla a eliminación deste peche exterior, o que demostra que non só detectamos os problemas urbanísticos, senón que tamén ofrecemos solucións reais”, sinalou a voceira do grupo, Elena Candia.

A demolición do muro permitirá abrir e integrar o novo equipamento no barrio, gañando 90 metros de fronte por seis de fondo na Rúa San Xillao. Esta actuación permitirá ampliar a calzada e mellorar o tráfico e a seguridade viaria nunha rúa de dirección única moi transitada, especialmente pola veciñanza que conecta Fontiñas co centro.

A intervención tamén supón un avance respecto da unidade de actuación prevista no PXOM, que leva anos sen desenvolver por parte do Concello.

Besteiro pide á Xunta o impulso da construción de vivendas públicas

Galicia podería construír preto de 4.000 vivendas públicas co financiamento ofrecido polo Goberno de España, un total de 380 millóns de euros que triplicaría o investimento do último plan autonómico e que, segundo advertiu José Ramón Gómez Besteiro, "constitúe unha oportunidade única que non se pode desaproveitar".

O secretario xeral do PSdeG fixo estas declaracións en Lugo, na rúa Fabio Máximo, acompañado polo alcalde Miguel Fernández, a concelleira Ana Abelleira e a secretaria de Organización do partido, Lara Méndez. Alí lembrou que nesta mesma rúa se construíron as últimas vivendas públicas promovidas pola Xunta, hai máis de 16 anos, coincidindo co último goberno socialista en Galicia.

Desde entón, afirmou, non se levantou ningunha vivenda pública máis na cidade, nun contexto no que máis de 22.000 persoas están inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública en Galicia, das cales 1.600 corresponden a Lugo e 1.000 ao resto da provincia.

Besteiro criticou a negativa de Alfonso Rueda a adherirse ao plan estatal impulsado polo Executivo de Pedro Sánchez, asegurando que “non responde á necesidade real de vivenda, senón a unha estratexia de confrontación política ditada desde Madrid por Feijóo”.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

IMPRESOR FISCALIZADO VERIFICAR




C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A Deputación inicia as obras de restauración do paseo do río Rato

Comezan as obras de restauración da contorna do río Rato tras os importantes danos causados pola borrasca Olivier o pasado mes de abril, tal e como anunciou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca.

A actuación conta cun investimento de 175.286 euros e un prazo de execución de tres meses, con cargo ao fondo de continxencia destinado a emerxencias do orzamento provincial.

Os traballos céntranse na recuperación das marxes mediante técnicas de bioenxeñería e na construción de diques tradicionais, así como no recheo e reparación dos camiños do paseo fluvial. Tamén se procederá á reposición de pontes e pasarelas de madeira que foron arrastradas pola corrente.

A empresa pública TRAGSA será a encargada da execución, escollida pola súa experiencia en intervencións ambientais e pola urxencia da situación.

José Tomé destacou o valor ambiental, educativo e social do espazo para



a cidade de Lugo e asegurou que a resposta da Deputación foi "áxil e responsable". Nada máis producirse a borrasca, encargouse un informe técnico ao servizo de Medio Ambiente, que permitiu identificar os principais danos e solicitar os permisos á Confederación Hidrográfica.

Entre os principais estragos detectados figuran a desaparición do firme dos camiños, a caída de muretes e escolleras que protexían as marxes, así como a acumulación de terra, pedras e vexetación sobre os elemen-

tos urbanos.

Para a reparación, será necesario empregar máis de 1.400 metros cúbicos de xabre e 205 de cachote, repoñer cinco pasarelas de madeira, tramos de varandas, valados e mesmo un banco, ademais de restaurar a senda pivotada que conecta co área da Tolda de Castela. A intervención inclúe tamén a aplicación de técnicas naturais para a reconstrución das marxes do río, nun total de 87,5 metros cadrados de paseo e 66 metros de escollera.

Reurbanizarán as rúas Río Sil e Otero Pedrayo

O Concello de Lugo vén de presentar unha proposta consensuada de reurbanización para o tramo viario situado entre as rúas Río Sil e Otero Pedrayo, nas inmediacións da urbanización Quinta de Pérez, tras un proceso de diálogo construtivo entre o alcalde, Miguel Fernández, representantes veciñais de Paradai, a promotora dun novo edificio no número 64 da rúa Otero Pedrayo e os servizos técnicos municipais.

O proxecto, resultado deste traballo conxunto, busca mellorar a mobilidade, gañar espazo público e facilitar o acceso aos edificios residenciais da zona.

O novo deseño contempla a creación dunha senda peonil no lateral dereito do vial, ata agora sen itinerarios seguros para peóns, así como a reorganización do esquema de estacionamento para mello-

rar a circulación e a accesibilidade. Tamén se intervirá na pendente do tramo para facer o percorrido máis cómodo e adaptado ao tránsito peonil, e incorporaranse zonas verdes co obxectivo de mellorar a calidade ambiental e estética do barrio.

A configuración do tráfico tamén se verá modificada: o vial será de sentido único de subida desde Río Sil ata a intersección con Otero Pedrayo, pero manterase a circulación en ambos sentidos no tramo superior, co fin de garantir o acceso ao primeiro bloque da urbanización da Quinta de Pérez.

Esta solución, segundo explicou o alcalde, busca compatibilizar a funcionalidade co benestar da veciñanza, apostando por un modelo de cidade centrado na accesibilidade, a calidade urbana e a escoita activa.

A renovación da rúa Serra de Meira avanzará este verán

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión cos presidentes das asociacións veciñais Barrio de Paradai e Gatos Roxos, Christian Fernández e Jaime Gueimonde, para informarlles dos prazos previstos no proxecto de renovación da rúa Serra de Meira, no tramo entre as rotondas de Serra de Meira e de Adolfo Suárez. A actuación está enmarcada no conxunto de intervencións do Plan Paradai.

Durante o encontro, Arias explicou que, a pesar de que a Xunta conta cun orzamento consignado para esta obra desde o ano 2018, non

foi posible impulsar a súa execución ata finais do pasado ano debido aos constantes atrasos nas actuacións previas que debía acometer o Concello de Lugo xunto coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil no leito do río Rato, co fin de reducir o risco de inundacións.

Unha vez rematadas esas obras, a Xunta traballa agora na actualización do proxecto de renovación de Serra de Meira, que se prevé completar no mes de xullo. Arias lembrou que o deseño actual parte dun acordo co Concello de Lugo nunha reunión celebrada na Delegación Territorial.

PAZO DOS DEPORTES

A pista do Pazo loce unha imaxe nova polos traballos de pulido, vernizado e pintado que se realizaron no pavimento. A intervención centrouse na restauración da superficie do parque, con tratamentos de lixado e vibrado, e na actualización da estética da cancha, vernizada en distintos tons para diferenciar zonas deportivas. O macizado do perímetro deseñouse co nome "O Pazo". A actuación, que supuxo un investimento de 20.000 euros, completárase coa instalación da publicidade dos clubs.



¿Trabajas en una ingeniería o estudio técnico?

Actualiza tu CV gratis y desde casa

EOCO110PO - Revit nivel usuario
EOCO021 - Revit maquetación de planos
EOCO64PO - Gestión de proyectos con metodología BIM
ARGG026PO - Formación Técnica en diseño 2D con LIBRECAD

www.estudiosrafer.es

Certificados profesionales

Tu titulación oficial GRATIS en AULA VIRTUAL

Las plazas son limitadas ¡Reserva ya la tuya!

estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49



estudios
rafer



San Xoán de Pena celebra as festas

San Xoán de Pena de Lugo celebrará as súas festas na honra a San Xoán e á Virxe do Carme os días 5 e 6 de xullo. As celebracións comezarán o sábado 5 de xullo, a partir das 21:30 horas, cunha gran churrascada veciñal que dará paso á verbena co Trío Mar de Caión. O domingo 6 de xullo, comezará cunha misa solemne ás 13:00 horas, cantada pola Schola Gregoriana Lucensis, seguida dunha procesión. A continuación celebrárase o vermú coa Orquestra Fuego. Xa pola tarde, ás 19:00 horas, haberá baile coa Charanga Ardores e xogos a cargo de Guachilandia. A festa culminará ás 23:00 horas cunha gran verbena coa Charanga Ardores e a Orquestra Fuego, poñendo o broche de ouro a unha fin de semana festiva.

Soñar festexa o San Pedro 2025

Soñar prepárase para celebrar as tradicionais Festas na honra a San Pedro durante os días 4, 5 e 6 de xullo. O venres 4 de xullo, a festa comezará ás 22:00 horas cunha churrascada popular. A verbena estará animada polo grupo Eclipse, seguida dunha sesión con DJ Patakifña. O sábado 5 de xullo comezará coa misa solemne ás 13:30 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo do grupo Alianza. Pola noite, a verbena continuará con Alianza e o Grupo Bomba. O domingo as celebracións comezarán tamén coa misa ás 13:30 horas, seguida dunha nova sesión vermú, desta volta con Punto Clave. Pola tarde, ás 19:00 horas, o grupo volverá actuar na sesión de tardeo, e á mesma hora haberá xogos gratuítos para nenos.

A Plataforma contra a planta de Biometano mantén a presión

A Plataforma de Veciños contra a Planta de Biometano de Lugo continúa coa súa campaña de protesta contra o proxecto dunha planta de biometano na parroquia de Coeses, promovido pola empresa Bioenergía Lugo S.L. Desde a plataforma sinalan que están á expectativa dos próximos pasos que poida dar a empresa, por se fose necesario convocar unha nova manifestación en Lugo. Así mesmo, lembran que están agardando as modificacións solicitadas na ordenanza municipal medioambiental, entre as que destacan a demanda de establecer unha distancia mínima de 3 km ás vivendas e tamén a necesidade dunha regulación autonómica es-

pecífica que trate estas e outras cuestións relacionadas con este tipo de instalacións. Ante estas demandas, non descartan asistir a algún pleno municipal ou do Parlamento de Galicia, ou participar en reunións segundo vaia avanzando o tema. Por outra banda, a plataforma forma parte dunha rede estatal de colectivos que se opoñen ás macroplantas de biogás, e xa está prevista unha nova manifestación conxunta en Madrid no mes de setembro. Porén, desde a plataforma lucense agardan non ter que acudir a esa convocatoria, no caso de que a empresa promotora desista do proxecto antes desa data.

A veciñanza pide á Xunta prioridade para o saneamento no rural

A Asociación Veciñal Lugo en Pé ... Na Defensa do Rural, integrada na Federación de Asociacións Veciñais da Provincia de Lugo Lucus Augusti, solicita que na vindeira reunión entre o alcalde de Lugo e o presidente da Xunta de Galicia se aborde como prioridade o saneamento do rural no termo municipal. Segundo a entidade, entre o 75% e o 80% das máis de 50 parroquias que compoñen o rural do Concello de Lugo carecen de rede de saneamento. Denuncian que a fórmula de financiamento conxunto, pola cal a Xunta achegaba o 70% e o Concello o 30%, leva anos sen aplicarse. Lembran que, nos últimos 15 anos, os veciños e veciñas censados no

Concello de Lugo achegaron 14 millóns de euros en concepto de canon da auga, sen que se reinvestira un só euro en obras de saneamento dentro do municipio. Acusan á Xunta de empregar eses fondos para obras noutras localidades da provincia gobernadas polo PP, ignorando Lugo. Por iso, propoñen que se reinvesta como mínimo o 50% do canon recadado no propio Concello. A asociación tamén reclama a execución do proxecto de saneamento para a parroquia de Esperante e a súa contorna, onde se atopa o Hospital de Calde, competencia da Xunta e que tampouco conta con rede de saneamento.

ASOPORCEL



A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega rendeu homenaxe en Lugo a máis de vinte gandeiras e gandeiros que se xubilaban este ano, así como a outros criadores que levan décadas contribuíndo á mellora da raza, participando en poxas, feiras e certames que axudan a promocionar e expandir a rubia galega.

Presentan en San Xoán do Campo as axudas para mozos e explotacións agrogandeiras

Os deputados lucenses do Grupo Popular destacaron o esforzo económico da Xunta para apoiar a incorporación de mozos ao agro e a mellora das explotacións agrogandeiras, cun investimento total de 36 millóns de euros. Así o subliñaron durante unha visita á Sociedade Cooperativa Lamaboa, na parroquia de San Xoán do Campo, onde lembraron que o prazo de solicitude destas axudas estará aberto ata finais de xullo. Enrique Barreiro, portavoz popular de Gandería, cualificou estes apoios

como “esenciais para manter vivo o rural galego” e garantir a continuidade xeracional no sector, á vez que contribúen “a manter o nivel de crecemento e profesionalización das nosas explotacións agrarias”. A deputada e voceira de Xuventude do Grupo Popular, Nicole Grueira, salientou que estas subvencións representan “un gran apoio para moitos mozos e mozas que dan ese paso adiante e un gran incentivo para aqueles que necesitan un empuñón”.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Disfruta de nuestra TERRAZA!

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Celta...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

MENÚ DEL DÍA 14 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y

Un colectivo reclama un sistema público para a dependencia

A Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade (ASGADeD) presentouse en Lugo cunha rolda de prensa e unha palestra informativa na sede da UNED, centrada na situación actual dos servizos de atención á dependencia e discapacidade.

O acto contou coa participación de Francisco Vázquez Vizoso, médico xubilado e ex-xefe do Servizo de Medicina Preventiva do Complexo Hospitalario de Pontevedra, e Margarida Prieto Ledo, familiar e coidadora dunha persoa dependente.

Durante a súa intervención, Francisco Vázquez puxo o foco na febleza estrutural do actual Servizo de Atención á Dependencia, que definiu

como “un sistema feble e desestruturado, moi por detrás da sanidade ou o ensino público”. Dende ASGADeD propoñen a creación dun sistema galego público de atención á dependencia, que aglutine todos os recursos actuais —como centros de día, residencias e o Servizo de Axuda no Fogar (SAF)— nun organismo semellante ao SERGAS.

Vázquez denunciou a precariedade que afecta tanto aos coidados prestados como ás condicións laborais do persoal, maioritariamente mulleres, que sofren baixos salarios e ratios desproporcionadas que deterioran a calidade dos servizos. “As empresas privadas dominan o sector e obteñen beneficios a custa desta

precariedade”, subliñou. A situación reflíctese tamén nos datos: o investimento en dependencia en España apenas chega ao 0,8 % do PIB, lonxe da media europea (2 %) e aínda máis de países como Dinamarca ou Suecia.

ASGADeD alerta, ademais, de que as últimas modificacións introducidas pola Consellaría de Política Social e Igualdade non fixeron máis que agravar esta situación, debilitando o sistema público e promovendo alternativas como o Bono Coidado, que transfiren a responsabilidade ás familias, principalmente ás mulleres, e rebaixan a profesionalización dos coidados. Os datos mostran unha clara tendencia: mentres o SAF per-



deu 1.823 usuarios entre marzo de 2024 e maio de 2025, o número de persoas atendidas por familiares co Bono Coidado pasou de 17.754 a 26.041.

Margarida Prieto tamén denunciou os retrasos no proceso de valoración da dependencia, con medias de máis dun ano e cunha taxa de solicitudes por persoa potencialmente dependente moi inferior á media estatal. “Galicia está á cola en solicitudes e

en atención real”, advertiu.

Ambos poñentes fixeron un chamamento á mobilización social para erguer un verdadeiro cuarto pilar do Estado de Benestar: un sistema público, profesionalizado e baseado no dereito subxectivo, accesíbel e universal. “Temos que ser quen de organizarnos para frear esta desfeita e defender os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade”, concluíron.

O Eixo Atlántico presenta un plan de 112 medidas para a descarbonización

O Eixo Atlántico presentou un Plan de Descarbonización, unha iniciativa que recolle 112 medidas dirixidas a reducir a contaminación nos municipios que forman parte desta entidade de transfronteiriza.

A elección da Deputación de Lugo como sede da presentación responde a que é “unha das institucións máis activas no impulso da sustentabilidade local.

Pola súa banda, Francesc Cárdenas explicou que o documento é un compendio de accións adaptadas á realidade de cada concello segundo o seu tamaño e características, co obxectivo de mitigar e adaptarse ao cambio climático. A folla de ruta

ofrece medidas concretas para que os 40 membros do Eixo Atlántico poidan avanzar cara a cidades máis sostíbeis e eficientes.

O plan propón unha transformación do modelo urbano apostando por unha xestión intelixente dos recursos, a enerxía, a auga e os residuos. A estratexia pivota arredor de dous conceptos clave: o metabolismo urbano, que analiza como as cidades consumen e xestionan os seus recursos, e a biodiversidade urbana, esencial para mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático e a calidade de vida da cidadanía.

Entre as 112 medidas propostas destacan actuacións como a redu-

ción do desperdicio alimentario, o impulso da economía circular, a promoción da agricultura urbana, a recuperación de espazos verdes ou o fortalecemento da educación ambiental. Con todo, o eixo central é a diminución do consumo enerxético, orientado a un modelo de desenvolvemento máis sostíbeis.

Este traballo é froito dun proceso desenvolvido entre 2022 e 2024, no que as cidades do Eixo achegaron máis de 500 boas prácticas e experiencias, agora recompiladas nun repositorio que permite poñer a disposición dos municipios toda a información xerada, dun xeito práctico e accesible.

PUNTOS VIOLETA



Lugo conta con dous novos Puntos Violeta nas oficinas do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) na cidade de Lugo. O persoal das oficinas recibiu unha formación específica na Subdelegación do Goberno en Lugo, orientada a actuar con rigor, empatía e profesionalidade ante posibles casos de violencia machista, seguindo os protocolos establecidos pola Administración.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

O HULA garante a súa autonomía enerxética fronte a apagamentos

O Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) está preparado para manter a súa actividade asistencial en situacións de crise enerxética, como a vivida o pasado 28 de abril durante o apagamento que afectou á península.

Con tres xeradores que suman 4.500 kilowatts —por riba dos 3.490 contratados coa rede eléctrica—, o hospital de Lugo pode abastecerse de maneira autónoma. Ademais, conta con tres depósitos de combustible que acumulan 9.000 litros, o que lle outorga unha autonomía enerxética de ata 24 horas sen necesidade de repostar.

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, destacou estes datos durante unha visita ás instalacións, acompañado polo xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares. Subliñou tamén que o pasado 28 de abril, en resposta ao apagamento, activáronse de forma inmediata 138 grupos electrógenos en hospi-

tais de toda Galicia, garantindo a continuidade asistencial.

Tras a visita, Gómez Caamaño participou na inauguración da Xornada de xestión técnica de infraestruturas sanitarias para a continuidade asistencial, onde anunciou novas medidas para reforzar a capacidade de resposta do sistema sanitario en situacións semellantes.

Entre elas, o reforzo dos sistemas de alimentación ininterrompida nos centros de datos e sistemas críticos do Sergas, a implantación dunha rede de comunicación satelital de órbita baixa para hospitais e PAC como rede de continxencia e o aumento do número de xeradores, así como a garantía de acceso ao combustible en emerxencias.

O conselleiro agradeceu o traballo dos enxeñeiros e técnicos que manteñen operativos os sistemas esenciais da sanidade pública e que contribúen a facer do sistema galego un referente en seguridade, sustentabilidade e eficiencia.

A Xunta escolle o 19 de marzo e o 24 de xuño como festivos

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o decreto da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026 e no que se fixan como festivos propios o día de San Xosé (19 de marzo), o día de San Xoán (24 de xuño) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo).

Os outros festivos son Aninovo (1 de xaneiro), Epifanía do Señor (Día de Reis - 6 de xaneiro), Xoves e Venres Santo (2 e 3 de abril), Festa do Traballo (1 de maio), Día de San Xoán (24 de xuño), Día Nacional de Galicia (25 de xullo), Asunción da Virxe (15 de agosto), Festa Nacional de España (12 de outubro), Inmaculada Concepción (8 de decembro) e Natividade do Señor (25 de decembro).



OBRASY REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciónes • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Pontón reivindica o BNG como motor da transformación de Lugo

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, destacou en Lugo o papel da formación nacionalista como “auténtico motor” do avance e da transformación da cidade, un impulso que atribuíu ao “proxecto claro de cidade” que defende o Bloque e que, segundo avanzou, seguirá desenvolvendo para acadar “un mellor Lugo, tanto no económico, como no social, como no cultural”.

Nunha comparecencia conxunta co tenente de alcalde e líder local do BNG, Rubén Arroxo, Pontón fixo balance da acción de goberno do Bloque no ecuador do mandato, asegurando que a cidade experimentou unha “gran transformación en positivo” grazas a un proxecto “dinámico, innovador e moderno” que está a converter Lugo nun referente en diversos ámbitos.

“É evidente que a acción de goberno do BNG ten impulsado o propio goberno da cidade e que demostramos que temos un modelo que funciona, que transforma en positivo e que pon as persoas no centro, mellorando as súas vidas”, afirmou Pontón.

A nacionalista puxo en valor a aposta do equipo de goberno liderado por Arroxo por un Lugo “máis humano e máis amable”, cunha recuperación do espazo público para a cidadanía,



unha mobilidade máis sostible e unha actividade comercial máis diversa, seguindo o modelo das grandes cidades que priorizan espazos para as persoas.

Segundo Pontón, os seis anos de goberno municipal deixan unha “pegada importante e positiva” da acción do BNG, camiñando cara a un Lugo con maior cohesión social, cun papel central para os barrios e cun diálogo constante coa cidadanía.

A portavoz nacional tamén salientou o apoio decidido ao comercio de proximidade, á praza de abastos e á vida cultural da cidade, que, dixo, parte do orgullo da lingua e da cultura galegas e do seu diálogo enriquecedor con outras culturas.

Pontón quixo remarcar o compromiso do equipo do BNG coa cida-

de, destacando que “sempre está pensando en como pode mellorar Lugo” e que non existe “nin unha mi-galla de conformismo”. Referiuse aos concelleiros e concelleiras do Bloque como “persoas honestas e traballadoras, que levan a Lugo no seu corazón e traballan cada día polo ben común”, demostrando que “hai unha forma diferente de facer política”.

Unha actitude que, segundo Pontón, non só se dá en Lugo, senón que o BNG aplica en todo o país, coa intención de mellorar a vida da cidadanía galega e ofrecer “unha alternativa de futuro fronte ao desgoberno do Partido Popular”. “Demostramos que hai outra forma de facer política, unha política honesta e con maiúsculas, que pensa nas persoas e no ben común”, concluíu.

O PSOE local renova a executiva con Miguel Fernández á fronte

O PSdeG-PSOE de Lugo renovou a súa Comisión Executiva Municipal, nun proceso que culmina coa elección de Miguel Fernández Méndez como novo secretario xeral da agrupación.

A nova executiva socialista queda conformada polos seguintes cargos: presidenta, María Jesús Navarro Otero; secretario xeral, Miguel Fernández Méndez; vicesecretaría xeral e voceira, Olimpia López Rodríguez; vicesecretario xeral adxunto, Alejandro Trashorras Murado; secretario de organización e acción electoral, Miguel A. Crende López; secretaria de estudos e programas, Tania González López; secretario de planificación estratéxica local, Jesús Castro Vázquez; secretaria de muller, Inés Fernández Lamela; secretaria de educación, universidade e formación profesional, María Carmen Méndez Mazoy; secretario de redes sociais e comunicación, Hugo Ucha Boán; secretaria de benestar e políticas sociais, María Pilar Roca Núñez; secretario de política municipal, Manuel Núñez López; secretaria de participación xuvenil, María Ángeles



Novo Martínez; secretario de protección á comunidade, José Manuel González Pardo; secretaria de relacións laborais e emprego, Alejandra Sánchez Taboada; secretario de administración e formación, Alfonso Orol Castro; secretaria de vivenda e retos habitacionais, María Dolores Cedrón Rey; secretario de innovación e transición ecolóxica, José Ramón González Piñeiro; secretario de novas tecnoloxías, Miguel Caloto Conde; secretaria de igualdade, Tania López López; secretaria de dinamización cultural, Elvira Pérez López; secretario de dinamización econó-

mica, Francisco Javier Rodríguez Carrasco; secretaria de movementos asociativos, María Carmen Ozores Vigide; secretario de cohesión territorial e medio rural, Gerardo Fouce Pérez; secretaria de igualdade, Eugenia Iglesias Vargas; e secretario de persoas maiores, pensionistas e xubiladas, Santos Gabriel Arenas Ruíz.

Foron elixidos como delegados da agrupación ao Comité Nacional: Miguel Ángel Crende López, Ana M^a Hortas Alonso, Ángel Viro Porto, Olimpia Rodríguez López, Manuel Núñez López e Tania González López.



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

“Estamos orgullosos da acción educativa destes 50 anos”

O director do CEIP As Gándaras desde o 2011 pon en valor as instalacións do centro e as actividades que organizan nunhas instalacións “envexables”

Jessica Fernández

O colexio das Gándaras ponse en marcha en 1973 debido á necesidade dunha escola nesta zona da cidade, dentro do Plan Galicia de Educación de 1970 no que se prevía para 1975 a transformación da anterior Ensinanza Primaria, de xeito que o 47,3% dos nenos galegos asistan a colexios nacionais de oito ou máis unidades, mentres que o resto seguiría nas escolas rurais e unitarias. En 1973 supérase esa previsión, xa que O Plan Galicia de Construcións escolares, primeiro, e o Plan de Urxencia aplicado a unha vintena de provincias con necesidades, despois, levantaron nas catro provincias unha serie de edificios para colexios nacionais, xa en funcionamento ou a punto de funcionar nese curso, nos que se integrou a preto de 200.000 alumnos, a metade da poboación escolar en período de asistencia obrigatoria. A instalación nos novos edificios, a organización funcional, a adaptación do profesorado e alumnado, os servizos de transporte e comedor crearon pequenos problemas que foron arranxados polos responsables da educación. Así, créase o Colexio Nacional das Gándaras, que logo pasou a chamarse CEIP Virxe da Soidade e, finalmente, CEIP As Gándaras, tal e como se coñece hoxe en día. En setembro de 1973, comeza o funcionamento do centro educativo, cuxo director foi D. Xoán Diego Arias Rubinos e os mestres incorporados son Lourdes Vázquez, Manuel Gómez, Carmen Quiroga, Francisco Gómez, M^a Luisa López, Benigna López, Julia Carballada, Pilar Quínoa, Concepción Vila, Dolores Rúa, Dolores Casabella, Purificación Folgueira, Elisa García, Josefa Villamarín y Natividad Albadarejo, e é nomeado conserxe Alfredo López Varela. Nese momento, matricularonse

arredor de 600 nenos e nenas achegados das Escolas Unitarias de Muxa, Bóveda, Bascuas, Barbain, Gondar, San Martín de Carballido, Román, Pedreda, Rubiás, Escola da Estación e Teixeiro, pero en 1979 recóllese o dato de 750 alumnos e alumnas e 42 profesores e profesoras. No ano 2015 o alumnado do centro era de 150 alumnos e alumnas, o que mostra unha gran baixada da matrícula debido a que os estudantes proviñan das zonas rurais e agora esas zonas cada vez teñen menos xente, ademais de que baixou a natalidade. Cándido Vázquez, director do CEIP As Gándaras desde o ano 2011, valora explica que, actualmente, contan con arredor de 140 nenos “dun nivel medio-baixo pero normais, sen conflitos nin problemas de convivencia. Con respecto ao descenso de alumnado, perdemos arredor de 5 alumnos/as por ano, pero dáse en todos os colexios porque hai un descenso xeralizado da natalidade. Sobre todo, nas Gándaras foi notable o descenso de alumnado nos últimos 20 anos debido a que case todos os nenos eran do barrio e das zonas rurais, que se foron despoboando. Así, agora hai catro rutas de autobús escolar, cando antes había cinco. Ademais, está o feito da existencia do colexio Sagrado Corazón, que tamén leva parte do alumnado e que cremos que podería estar integrado neste centro, xa que temos as instalacións e os recursos para acollelos, pero cada zona está delimitada historicamente e pouco se pode facer”. Ademais, di que “o colexio acolle a todo tipo de alumnado, como é normal, ao ser un colexio público, e si que hai diversidade. Hai nenos de etnia xitana, nenos da zona de Ucraína, nenos de América do Sur, de África, e tamén españois e galegos. Todos

os nenos e nenas intégranse ben no colexio e hai unha boa convivencia entre todos, o que valoran moito os pais. Ademais, os profesores fomentamos esa diversidade e esa convivencia, xa que cremos que é importante coñecernos e recoñecernos.

TRABALLO DO PROFESORADO

Con respecto ao equipo de traballo, o director di que lle gusta “o equipo de persoas coas que traballo que, para min, están moi ben escollidas, a pesar de ter sido ao azar, porque son profesionais de media moi alta, tanto humana como profesional. Agora mesmo somos 18 profesores e contamos con especialista en Audición e Linguaxe, que compatibiliza co cargo de Secretaria, e unha persoa de Pedagogía Terapéutica; aínda que necesitamos máis persoal, xa que o alumnado de necesidades especiais está aumentando”. Así, valora positivamente os seus 14 anos de director: “Foron moi entretidos e con algún altibaixo, pero en xeral estables e positivos. Cando cheguei eu, houbera 3 directores en 4 anos e eu creo que foi unha etapa complexa. Cando collín o mando eu xa viña de ter unha experiencia como director na Costa da Morte durante 8 anos e esa experiencia foi clave para asumir este desafío e cada vez mellor. Espero seguir á fronte do colexio moitos anos máis porque estou contento, teño ganas de facer moitas cousas e ademais transmito calma e serenidade, polo que me din, o que tamén é importante para ocupar este cargo. Pero, sobre todo, insisto na experiencia, porque somos humanos e cometemos erros, eu o primeiro, polo que os primeiros anos son máis difíciles. Hai que tomar moitas decisións en pouco tempo e podemos equivo-



car nos, pero hai que ilo aceptando e aprender para non cometer os mesmos erros. Pero, en definitiva, ser director é algo vocacional, que che ten que gustar, porque ademais é un labor diversificado e, ademais de facer moitas cousas, pasas moitas horas”. Entre esas cousas, destacan as actividades que se organizan ao longo do ano, comezando polo Magosto, o Nadal, o Entroido, o Día da Paz, os Maíos e o fin de curso. “Ademais, facemos cos nenos moitas saídas en horario lectivo para promover a cultura, como unha saída a ver unha obra de teatro ao Gustavo Freire, a visitar a Aldea das Formigas, excursións a outros municipios e provincias...”, explica Cándido.

ASPECTOS POSITIVOS DO CENTRO

Vázquez pon en valor as instalacións do CEIP As Gándaras, que conta con dous polideportivos, tres patios de recreo, un patio só para Infantil, unha zona de patio con parque natural, aula de música, aula de psicomotricidade, aula de relixión, aula para a ANPA, comedor escolar, aula TIC, aula de informática, aula para audición e linguaxe, aula para o programa PROA, departamento de Orientación, Biblioteca Escolar, salón de actos, tres unidades de Infantil e seis para Primaria. “Ademais, temos dous edificios, un que alberga os labores administrativos, de dirección, claustro, secretaría, etc.; e outro dedicado exclusivamente ao labor do-

cente”, destaca. Para el, tanto o espazo co que contan e o labor docente é “a base de que moitos alumnos e alumnas destacaran profesionalmente. “Nas Gándaras temos a sorte de contar con persoas recoñecidas no mundo que se formaron aquí e nós presumimos da calidade da nosa ensinanza porque contamos cunhas instalacións envexables nun lugar tranquilo que permite facer actividades en contacto coa natureza, así como as grandes aulas permiten a expresión e o mellor desenvolvemento por parte do alumnado, aquí hai espazo para moverse. Ademais, ao ter a ratio máis baixa que noutros centros educativos, podemos levar a cabo unha aprendizaxe máis personalizada, o que incide no desenvolvemento persoal e educativo de cada cativo”, destaca. Porén, teñen unha serie de necesidades, “como que nos cambien as ventás, xa que son vellas e por elas en inverno marcha a calor, por iso necesitamos unhas que se adapten á situación actual e conserven mellor a temperatura. Gastabamos moitos cartos en calefacción, xa que temos outro edificio que hai 20 anos se utilizaba para Infantil e ao reducir o alumnado trouxemos todos os nenos ao edificio principal, aforrando así tamén enerxía e integrando a todo o alumnado no mesmo lugar. Outra das necesidades é mellorar a rede eléctrica, que non se cambiaba desde que se puxo en marcha o centro e ás veces sobrecárgase e





salta. Creo, tamén, que se deberían cambiar as luces por unhas LED que consumen menos. É máis, teño pedido o Plan de Mellora dos Colexios á Xunta. En definitiva, o labor do director é ser un xestor do diñeiro que lle dá a Administración a un centro educativo público e as contas teñen que chegar en positivo a final de ano, polo que buscamos a eficiencia en cada xestión que facemos. Outra das necesidades é que nos poñan beirarrúas; é unha demanda que levamos anos facendo ao Concello de Lugo, xa que son necesarias diante dun colexio e permiten máis seguridade para os nenos e nenas e as súas familias”.

Finalmente, o director do CEIP AS Gándaras, Cándido Vázquez, ten como visión de futuro “seguir promovendo unha educación de calidade para os nenos e nenas que veñan ao colexio, seguir ofrecendo actividades complementarias para o bo desenvolvemento persoal dos

cativos, así como ir mellorando o que poidamos e da man das institucións que nos axudan a conservar e mellorar as instalacións, que, pola súa magnitude, poderían albergar, incluso un CPI en vez dun CEIP, o que tamén aliviaría ao Sanxillao, que cada vez acolle máis alumnado e vese afogado cada ano, xa que todos os nenos das Gándaras e do Sagrado Corazón fan aí a ESO máis outros que, por proximidade ou elección, acoden a el. Porén, non creo que sexa posible a conversión. Se me preguntas que vai pasar con este colexio, non creo que peche en 5 anos, xa que o número de nenos que entran en Infantil se manteñen, e estamos arredor de 15 alumnos en Infantil; pero non podo saber o que vai pasar dentro de 20. Eu espero que non, porque temos unha construción que, con conservación, pode ser escenario dunha gran actividade educativa por moitos anos”, concluíu.



Revolta das Mulleres na Igrexa reclamou unha relixión sen abusos

Coincidindo coa procesión do Corpus Christi, varias dúcias de mulleres crentes e representantes de colectivos feministas e eclesiais reuníronse en silencio para reclamar medidas concretas contra os abusos na Igrexa diante da Catedral de Lugo.

A acción foi promovida pola Revolta de Mulleres na Igrexa de Galicia e a Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria, co apoio de organizacións como a Plataforma Feminista de Lugo, Irímia, Encrucillada ou o Foro Feminista de Lugo.

A concentración, discreta pero chea de simbolismo, serviu para expresar apoio á menor recentemente afectada por un caso de abusos na Diocese de Lugo e ao seu entorno, pero tamén para denunciar o inmovilismo institucional e esixir unha reforma profunda das estruturas eclesiais.

As participantes defenderon unha Igrexa que enfrente con valentía a realidade dos abusos, que rompa co



silencio e actúe desde a transparencia, a xustiza e a protección das vítimas. Entre as demandas destacaron a apertura inmediata dun proceso canónico no caso da menor, a aplicación das medidas cautelares xa anunciadas pola Diocese, e a implementación da guía Por una vida libre de violencia contra las mujeres en todas as parroquias.

Tamén instaron ao Bispado de Lugo a abrir unha Mesa Diocesana de Diálogo para abordar esta realidade

de forma participativa, sen excluír ás mulleres crentes que levan anos traballando por unha Igrexa máis coherente co Evanxeo.

“Non pode haber redención sen verdade nin reparación”, afirmaron ao final da acción. Con este xesto, en pleno centro relixioso da cidade, puxeron o foco na necesidade urgente de transformar a Igrexa desde dentro, cunha aposta clara pola dignidade, a igualdade e a fin da impunidad.

O Concello promove o uso do autobús entre o alumnado lugués

O tenente de alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, fixo balance da iniciativa posta en marcha pola área de Mobilidade para fomentar o uso do bus urbano entre os nenos e nenas en idade escolar. Segundo explicou, o obxectivo é “que as estudantes coñezan o funcionamento do bus urbano e aposten por este medio á hora de desprazarse pola cidade”.

A medida permitiu que 2.207 escolares viaxasen de xeito gratuíto en autobús urbano para realizar actividades como formacións en segu-

ridade viaria no Parque Infantil de Tráfico, visitas ás salas museísticas municipais ou á biblioteca pública. “Os centros puideron solicitar realizar os seus desprazamentos pola cidade en bus urbano, promovendo así este medio de transporte”, destacou Arroxo.

“Queremos que a xente aposte polo bus urbano porque reducindo tráfico na cidade avanzamos nunha cidade sostible cunha mobilidade alternativa e ecolóxica”, declarou o tenente de alcalde, quen engadiu que

“con esta medida facilitamos que as nenas e nenos coñezan e utilicen o bus urbano como medio de transporte habitual”.

Arroxo salientou tamén o crecemento sostido do número de usuarios do transporte público en Lugo, que vén de acadar o seu mellor rexistro histórico no mes de maio, con máis de 206.000 billetes expedidos, consolidando o autobús urbano como o principal medio de desprazamento para a maior parte da veciñanza.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

A Federación Veciñal pide axilidade para valorar o grao de dependencia

A Comisión Permanente da Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, composta por 24 membros, acordou nunha reunión celebrada recentemente, e co respaldo do colectivo Galicia Baleira, reclamar da Xunta de Galicia unha maior dilixencia e operatividade nos procesos de valoración do grao de dependencia por parte dos servizos sociais autonómicos.

Ambas entidades denuncian que os procedementos actuais para recoñecer os graos I, II ou III de dependencia poden alongarse durante dous ou tres anos, un atraso que consideran inxusto e inaceptable. De feito, subliñan que “miles de persoas dependentes morren en Galicia sen que se lles recoñeza o grao de dependencia en vida”, o

que impide o acceso a axudas económicas para afrontar os gastos dun centro xeriátrico privado ou para contratar coidadores no domicilio mentres agardan, tamén durante anos, por unha praza pública. As organizacións denuncian que o proceso está “excesivamente burocratizado” e que a Xunta conta con equipos de valoración escasos e claramente insuficientes para atender a demanda existente. Por iso, propoñen que o prazo máximo para resolver a valoración sexa de seis meses e esixen unha resposta política eficaz e comprometida.

“Os nosos maiores merecen máis respecto e axilidade. Necesitamos menos papeleo, máis recursos humanos e máis responsabilidade política”, sinalan.



Unha aula móbil permitirá ter comedor escolar en Fingoi II o vindeiro curso

A posibilidade de instalar unha aula portátil para activar o servizo de comedor escolar no CEI ‘Fingoi II’ de Lugo deu un paso adiante, logo dunha reunión de traballo celebrada entre técnicos e representantes da Xunta de Galicia e do Concello de Lugo. O obxectivo do encontro era dar resposta á demanda das familias do centro, que reclaman con urxencia a posta en marcha deste servizo no vindeiro curso.

Durante a xuntanza, os representantes municipais expresaron dúbidas sobre a cesión do espazo contiguo á escola e cuestionaron a súa venda ou permuta futura unha vez instalada a aula. En resposta, o persoal técnico da Xunta aclarou que a infraestrutura será desmontable e non condicionará o uso posterior da parcela. A alternativa de elevar unha planta máis no edificio actual tamén

foi mencionada polos responsables municipais, proposta que desde a Xunta consideran unha escusa que posterga a solución dun problema inmediato.

A Xunta puxo o foco na necesidade de adoptar medidas áxiles e urxentes, que permitan activar o servizo sen agardar por reformas estruturais máis a longo prazo. Así, ambas Administracións acordaron redactar nos vindeiros días un borrador de convenio para a cesión do espazo necesario e proceder á colocación da aula móbil.

O delegado territorial, Javier Arias, destacou que o comedor escolar é “un servizo esencial” e recordou que conta cun amplo respaldo da ANPA e da comunidade educativa de Fingoi II, polo que considerou prioritario activalo “canto antes” para facilitar a conciliación das familias.

Candia presenta un informe dos dous anos de mandato municipal

O Grupo Municipal do PP presentou unha nova edición do seu boletín informativo Contigo Lugo, a sétima, coincidindo coa véspera do día no que se cumpren dous anos desde a toma de posesión deste mandato municipal. Neste intervalo de tempo os 12 concelleiros do PP presentaron un total de 1.183 propostas construtivas “que se basean na escoita activa da veciñanza e dos diferentes sectores do municipio e que buscan achegar solucións ás necesidades dos lucenses”.

A voceira popular tamén se referiu a un feito que marcou este mandato: o falecemento da alcaldesa Paula Alvarellos “puxemos á disposición do goberno local a nosa colaboración para garantir a estabilidade institucional e o funcionamento do Concello nun momento tan delicado, dado que as discrepancias políticas non están refiadas co respecto persoal nin co sentido de responsabilidade institucional”.

Na portada, a voceira Elena Candia asina unha tribuna na que fai balance destes dous anos que cualifica de “perdidos para a cidade e para os veciños”. A voceira popular destaca que “o PSOE e o BNG hipotecan aos lucenses de hoxe con subas fiscais, e tamén aos de mañá, a través dos préstamos que seguen asumindo para financiar proxectos sen plani-



ficación real e con escaso retorno social”.

“Os exemplos do despilfarro son o coliving municipal que está pechado con telarañas nas portas e cumpre o 27 de xuño un ano dende a súa inauguración, que custou 600.000; o carril bici que non se usa e que eliminou centos de prazas afectando á mobilidade de barrios, cumpre o vindeiro 29 de xullo tres anos de vida e custou 116.000 euros; o edificio Impulso Verde, inaugurado o 1 de abril de 2023, infrautilizado malia os 1,5 millóns de euros investidos nel e as Caldas do Miño, que abriron o 28 de marzo de 2023, e que estiveron meses pechadas e na actualidade sen ocupación real”, explican. Este novo número tamén inclúe seccións específicas “como son o que conseguimos grazas ao apoio da Xunta” no último trimestre onde

destacan infraestruturas como que se constrúa no antigo colexio o novo centro de saúde do Sagrado Corazón a falta que o concello entregue a parcela á Xunta; que esta cofinancie xunto co Concello e Deputación as obras de mellora as actuais instalacións da protectora; avances na rehabilitación e dinamización da Tinería (Pazo de Dona Urraca e apoio en colaboración de Asociación Itineris da IV Festa do Barrio e da I Festa da Primavera), a adxudicación das obras por 3,2 millóns de euros da reforma integral do centro de saúde da Milagrosa e por 1,6 millóns a remodelación da Residencia de Maiores; nas Gándaras licitación das obras de rehabilitación integral por un importe de 8,6 millóns, ou a adxudicación da licitación das obras para transformar as bancadas do Anxo Carro, 3,8 millóns de euros.

O Consello Escolar actualiza o regulamento, sen cambios dende 1997

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, presidiu unha nova xuntanza do Consello Escolar Municipal de Lugo, definido pola edil como “o órgano no que se integran os sectores sociais implicados na educación”.

Buide destacou a importancia deste espazo como foro de “debate, análise e encontro da comunidade educativa”, orientado a coordinar accións conxuntas en beneficio do alumnado e da infancia e mocidade da cidade.

Durante a sesión, anunciouse a aprobación dunha actualización do regulamento interno do Consello, a primeira dende a súa creación en 1997. Segundo explicou Iria Buide, entre os principais cambios inclúese a incorporación dos movementos de renovación pedagóxica e a simplificación do procedemento de selección dos representantes do

estudiantado.

A concelleira trasladou tamén os plans de actuación da súa área para os próximos meses, centrados especialmente no mantemento dos centros educativos e na concesión de axudas ás familias con menos recursos. “Queremos garantir que, independentemente da situación económica, todas as nenas e nenos de Lugo poidan acudir ao colexio co material necesario”, asegurou.

Buide subliñou que moitas destas actuacións dependen directamente do Concello “polo abandono das súas responsabilidades por parte da Xunta de Galicia en materias como as escolas infantís, os comedores escolares, as axudas para libros ou as actividades extraescolares”, o que, segundo indicou, supón un importante esforzo económico e administrativo anual para o goberno local.

Xuventude abre á veciñanza no verán a Casa do Deporte e o Luis López Gorgoso

O Goberno de Miguel Fernández, a través da área de Xuventude e Deportes, volverá poñer á disposición da cidadanía o uso gratuito das instalacións da Casa do Deporte e do campo de fútbol Luis López Gorgoso durante os meses de verán, coincidindo coa interrupción das competicións dos clubs.

A iniciativa repítese tras o bo acolida rexistrada en 2024, cando numerosos grupos fixeron uso das dotacións en diferentes franxas horarias, favorecendo a actividade física e o aproveitamento dos tempos de lecer.

A pista cuberta da Casa do Deporte estará dispoñible do 1 de xullo ao 2 de agosto para a práctica de fútbol sala. Pola súa banda, os dous campos de Fútbol-7 de herba artificial situados en Friga poderán empregarse entre o 8 de xullo e o 2 de agosto. O horario de uso será de martes a sábado, de 10:00 a 14:00 pola mañá e de 17:00 a 20:00 pola tarde.

Para acceder ás instalacións será necesario realizar unha reserva previa o día anterior.

A CIG para as obras da intermodal en demanda dun convenio galego

As obras da estación intermodal de Lugo quedaron paralizadas durante unha hora pola acción reivindicativa de delegados e delegadas da CIG-Construción e Madeira (FCM-CIG), que ocuparon o recinto para reclamar a negociación dun convenio galego da construción e esixir á patronal que atenda as súas demandas.

A protesta enmárcase na campaña de mobilizacións que o sindicato desenvolve dende hai meses para avanzar cara a un marco regulador galego que permita mellorar as condicións laborais e frear a perda de man de obra no sector.

Durante a ocupación, paralizáronse ambas as dúas obras en execución e celebrouse unha asemblea cos tra-



balladores, na que se lles explicaron os motivos da acción e a importancia de contar cun convenio galego que dignifique os salarios e as condicións laborais. Tamén se abordaron as particularidades do traballo nestas obras e se atenderon consultas labo-

rais do persoal.

A protesta tivo como obxectivo visibilizar a necesidade de negociar en Galicia as condicións laborais, aproveitando o cambio lexislativo que dá prioridade aos convenios autonómicos sobre os estatais.

CCOO impugna os pregos do 'Aprende Xogando'

A Federación de Servizos de Comisións Obreiras (CCOO) vén de impugnar os pregos do programa municipal 'Aprende Xogando', promovido pola Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión do Concello de Lugo, por considerar que vulneran dereitos laborais fundamentais e carecen das garantías mínimas esixibles para un servizo público dirixido á infancia.

Segundo denuncia o sindicato, o documento incumpre o Salario Mínimo Interprofesional (SMI), deixando fóra custes reais que permitan garantir condicións laborais dignas, o que abre a porta á precarización e á explotación das traballadoras. A situación agrávase

co despedimento de dúas profesionais do programa, que, segundo a concelleira Ángeles Novo, responde á falta de orzamento para aplicar a suba do SMI.

Para CCOO, esta xustificación resulta "inaceptable e contraditoria", especialmente tendo en conta que o partido da concelleira forma parte do Goberno estatal que promove a suba do salario mínimo como medida para dignificar o emprego. Por este motivo, a organización sindical reclama a dimisión inmediata de Novo como responsable directa da situación, así como a modificación urxente dos pregos para garantir condicións dignas e evitar despedimentos.

Deputación e Concello colaboran con 500.000 euros para o Caudal Fest

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un convenio de colaboración por 500.000 euros entre a institución provincial e o Concello de Lugo, que se destinarán á celebración da sétima edición do Caudal Fest e ao desenvolvemento dun plan de mellora de espazos públicos urbanos na cidade. O convenio contempla unha achega de 150.000 euros para a execución do Plan Áxil durante os anos 2025 e 2026, un proxecto destinado á renovación e mellora das

infraestruturas urbanas co fin de modernizar e facer máis atractivos os espazos públicos da cidade. Entre as actuacións previstas están a pavimentación de beirarrúas, o bacheo de calzadas, a renovación de tapas de rexistro, mobiliario urbano, instalación de bancos, papeleiras, xogos infantís, melloras nas zonas verdes e en accesibilidade. Ademais, o acordo inclúe unha achega de 50.000 euros para apoiar un ano máis a celebración do Caudal Fest 2025.

O Pleno aproba unha modificación orzamentaria de 6,4 millóns

Aprobouse en Pleno unha proposta de modificación orzamentaria por importe de 6.438.119,66 euros, co obxectivo de reforzar os servizos públicos, apoiar o tecido asociativo da cidade e mellorar a saúde financeira da administración local.

A iniciativa tramítase a través dun suplemento de crédito, financiado integramente co remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do orzamento municipal de 2024.

A principal partida desta modificación destinarase á amortización anticipada de débeda, cun total de 3.304.696,76 euros.

Entre os investimentos previstos in-

clúese tamén a mellora de infraestruturas e servizos municipais, como o axuste dos sistemas de climatización e control de accesos nas instalacións das Caldas do Miño, cunha partida de 47.763,24 euros, así como a cobertura do IVE do contrato de limpeza dos centros municipais, por valor de 458.153 euros.

No ámbito do patrimonio e o medio ambiente urbano, o Goberno local reserva 15.000 euros para redactar documentos técnicos co fin de iniciar o proceso de declaración do parque Rosalía de Castro como Ben de Interese Cultural, ademais da elaboración dun informe sobre o estado das

árbores da Volta da Viña.

En materia urbanística, prevese unha partida de 950.000 euros para a expropiación de terreos no barrio do Sagrado Corazón, co fin de garantir solo dispoñible para futuros equipamentos públicos.

A proposta incorpora tamén 750.506,66 euros para facer fronte ao pagamento do canon de verteduras á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, así como 51.000 euros para obras de reparación no Pazo de Feiras e Exposicións.

Finalmente, en apoio ao tecido asociativo, reserváronse 135.000 euros para subvencións deportivas.




SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335



UN REGALO PARA TI
LA SALUD DE TU PIEL SE LO MERECE

VALIDO PARA UN TRATAMIENTO FACIAL FITOBIOLÓGICO

Todos los miércoles en Verxel Herbolario

PIDE TU CITA 982 251 827

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es





A escaleira exhumada na Muralla será protexida e quedará á vista

A escaleira exhumada no cubo XVIII da Muralla de Lugo será protexida e quedará á vista como parte dos traballos de restauración, conservación e investigación arqueolóxica que a Xunta de Galicia está a piques de rematar neste tramo do monumento romano.

A intervención culminará coa posta en valor deste elemento singular, que presenta características únicas como o uso predominante de granito -combinado con lousa-, unha bocana máis estreita e diverxente e chanzos con dimensións variables.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que a escaleira quedará descuberta e protexida cunha varanda metálica

semellante á xa instalada no cubo XIX. Arias supervisou os traballos realizados neste punto da Ronda, fronte á Subdelegación de Defensa, onde se escavou ata alcanzar a cota orixinal romana e se efectuaron sondaxes para estudar a cimentación do muro.

Ademais de revelar a estrutura da escaleira, a intervención tamén documentou unha columna estratigráfica alterada desde o século XVIII, cando o Concello outorgaba “foros” que permitían construír entre as torres. A intervención completárase agora con análises como datacións por Carbono 14, estudos de morteiros con luminescencia e tarefas de consolidación a cargo do equipo de restauración.

Descobren unha piscina romana nas escavacións do Balneario

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou os traballos arqueolóxicos máis recentes realizados no Balneario da cidade, acompañado polo propietario do recinto, Antonio Garaloces.

Durante a visita, Arias agradeceu “a sensibilidade que amosa en relación ao rico patrimonio que alberga este recinto, reflectida nos valiosos elementos que foron descubertos e postos en valor en distintas campañas, especialmente as antigas termas”.

As escavacións contaron coa implicación da Fundación Luis Monteagudo, cuxa colaboración foi destacada por Arias, e permitiron exhumar unha piscina romana, ademais doutras pezas de gran interese arqueolóxico como aras, elementos cerámicos e



de madeira, moedas, puntas de lanza ou frechas.

Todos estes achados deberán ser estudados e catalogados antes de pasar a formar parte do patrimonio custodiado pola Xunta de Galicia.

Javier Arias subliñou que o Balneario

de Lugo “é parte da nosa historia, tan antigo como a propia cidade, e afortunadamente segue a ser un importante activo cultural e turístico polas súas augas e pola súa contribución ao patrimonio arqueolóxico de Lugo”.

UNED SÉNIOR



O Centro Asociado da UNED en Lugo celebrou o acto de gradación da promoción 2024-2025 do Programa UNED Sénior. No segundo semestre, o número de materias ofertadas duplicouse —pasando de dúas a catro—, o que permitiu incrementar o número de persoas matriculadas de 37 a 82.

O Arquivo abre a mostra de Constantino Rodríguez Gutiérrez

O Arquivo Histórico Provincial de Lugo vén de inaugurar unha nova exposición dedicada ao Gabinete Fotográfico de Constantino Rodríguez Gutiérrez, unha mostra que permite mergullarse nun período crucial da historia lucense a través de imaxes de gran valor documental e artístico. A exposición está composta por 377 placas fotográficas depositadas no Arquivo polos netos do autor, D. Constantino Rodríguez Ramos e D. Manuel Rodríguez Rubio, aos que a institución agradeceu expresamente a súa xenerosidade coa cidadanía e as entidades públicas. Iniciativas coma esta son esenciais para que os arquivos poidan custodiar e dar a coñecer fondos de notable interese histórico e cultural.

As imaxes abranguen un arco cronolóxico que vai aproximadamente de 1894 a 1947, e inclúen fotografías realizadas polo propio Constantino Rodríguez Gutiérrez, así como outras de autoría diversa, mesmo anónima. Cómpre destacar, entre estas, as placas de Salvador Castro Freire, moitas das cales foron publicadas na obra *Lugo y sus hombres*, editada en 1951.

Ao acto de inauguración asistiron representantes da Xunta de Galicia, da Subdelegación do Goberno, así como as edís de Participación Cidadá, Cristina López, e de Cultura, Maite Ferreiro, en representación do Concello de Lugo, arroupando así un proxecto que pon en valor a memoria visual e histórica da provincia.

Convocado o certame de pintura rápida o día 13

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou a convocatoria da 25ª edición do certame de pintura rápida ao aire libre Cidade de Lugo, que se celebrará o domingo 13 de xullo. No certame poderán participar todas as artistas maiores de 18 anos que o desexen, presentando unha única obra, que non se poderá asinar ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado, que estará composto por profesionais das artes plásticas. “O estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión”, afirmou Maite Ferreiro. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. As inscricións realizaranse o día do certame, no momento de selado do soporte, entre as 09:00 e as 11:00 horas nas oficinas da área de Cultura para ser selado. As obras presentaranse entre as 16:00 e as 17:00 horas na

Praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:00 horas. A partir dese momento, e ata as 20:00, farase unha exposición con todas as obras. Ao remate, as autoras e autores non premiadas poderán facerse cargo das súas obras. Cada participante terá que traer consigo o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se exporá a súa obra. O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. O importe total dos premios é de 5.550 euros distribuídos deste xeito: un primeiro premio dotado con 1.600 euros, un segundo con 1.100 e un terceiro, con 900. A maiores entregaranse 5 accésits de 300 euros e un premio especial ao artista local, nacido ou residente en Lugo, de 450 euros. Ademais todas as persoas gañardoadas recibirán un diploma acreditativo.

A RAG dedicaralle o Día das Letras Galegas do 2026 a Begoña Caamaño

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución, nunha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido

do coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A que se homenaxeará no 2026 será de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectar-se no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística. Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade.

Tanxugueiras volve ser cabeza do cartel de concertos do San Froilán

O Concello de Lugo presentou os concertos musicais para o San Froilán 2025 programados desde a área de Cultura e a Tenencia de Alcaldía, encabezada polo BNG.

O San Froilán 2025, que se celebrará entre os días 4 e 12 de outubro acollerá moitas actividades para todo o público, tanto adulto como infantil, pero polo de agora avanza nas actuacións musicais, que se desenvolverán en tres localizacións estratéxicas: A Praza da Mosqueira, a Praza Horta do Seminario e a Praza Santa María.

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, presentaron o cartel sostendo que é “moi variado” e invitan a lugueses e a persoas de toda Galicia e de fóra a que reservan as datas para celebrar “as grandes festas do outono galego”.

Ferreiro, ademais, sostivo que “este ano o San Froilán será un lugar de encontro para as persoas e onde descubrir novos grupos e novas voces con diferentes estilos para todos”. Tamén recalcou a presenza de catro grupos musicais formados integralmente por mulleres.

ARTISTAS DO SAN FROILÁN 2025. Así, Tanxugueiras volverá a encher Lugo coa súa música tradicional mesturada con sonoridades electrónicas, logrando revitalizar o folclore da súa terra cun estilo moderno e cheo de enerxía. Xunto a elas, Xael López achega a súa mestura de pop, rock e folk, cunha carreira destacada tanto en solitario como co seu antigo proxecto Deluxe, e cunha forte conexión coa cultura galega. Ademais, Lia Kali aporta unha presenza fresca e innovadora na escena musical, mesturando estilos como o pop, a música electrónica e o folk.

Pola súa banda, El Consorcio, for-



mado por exintegrantes do mítico grupo Mocedades, destaca pola súa música coral e a interpretación de cancións clásicas e tradicionais, que completan este amplo abanico musical. Nunha liña máis contemporánea, Guadi Galego combina a música tradicional con estilos actuais, ofrecendo unha voz característica e letras emotivas que conectan profundamente coa cultura galega.

En contraste, Bala achega un son potente e contundente, cun estilo de punk e rock alternativo que se fai sentir coa súa enerxía en directo. Mentres tanto, Lucía Pérez representa o pop e a música festiva galega, coñecida polo seu optimismo e pola súa participación en festivais de gran repercusión, como Eurovisión.

Vera Fauna ofrece un universo íntimo e emocional, mesturando pop, electrónica e sonoridades atmosféricas que crean unha experiencia musical única. Na mesma liña alternativa, Biznaga trae un rock enérxico con letras que abordan temas sociais e persoais con intensidade e compromiso.

Finalmente, Patax completa esta diversidade musical cunha fusión festiva e rítmica, mesturando música tradicional galega con ritmos latinos e africanos, o que garante un espectáculo animado e vibrante.

Todos estes artistas forman un cartel variado e atractivo para o San Froilán 2025, con propostas para todos os gustos e públicos, pero tamén avanzaron que estes son 10 dos 70 concertos que haberá.

RECINTO FEIRAL. Ferreiro confirmou que o recinto estará aberto entre o 26 de setembro e o 12 de outubro, e anunciou a celebración do Día da Infancia, unha iniciativa proposta polos propios empresarios do sector que permitirá ofrecer prezos reducidos nese día para atraer a familias.

A edil destacou a importancia do diálogo e a escoita activa cos sectores implicados para garantir un San Froilán que beneficie tanto aos traballadores como ás persoas que o visitan, valorando moi positivamente o acordo para establecer a xornada con descontos.

Ademais, a Xunta de Goberno aprobou as bases para a concesión dos espazos do recinto, que contará con 160 parcelas entre postos de venda, xogos de habilidade e atraccións. Os prezos de licitación varían segundo o tamaño e a finalidade de cada espazo, desde 160 euros para un pequeno posto de venda ata 13.643 euros para a atracción máis grande, situada nas costas do Parque, cunha superficie de 43x19 metros.



O Arde Lvcvs celebrará o seu 25 aniversario do 18 ao 21 de xuño de 2026

O 25 aniversario do Arde Lvcvs terá lugar do 18 ao 21 de xuño de 2026, nunha edición especial que combinará actos novidosos con outros que lembrarán os inicios desta festa que, co paso do tempo, se converteu nun referente nacional e internacional na recreación histórica.

Así o anunciou a Área de Xuventude do Concello de Lugo, encargada da organización do evento. Segundo o concelleiro Jorge Bustos, “coñecer xa as datas do vindeiro ano permite a moitos visitantes que estiveron estes días en Lugo planificar con antelación a súa estada, o que tamén beneficia ao sector hoteleiro”. Bustos sinala que moitas persoas xa realizan as súas reservas cun ano de antelación, do mesmo xeito que ocorre con festivais de renome como o Caudal Fest ou o Resurrection Fest.

A elección das datas tivo en conta a coincidencia con outros eventos destacados como o Corpus Christi e a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia.

O Concello fixo un balance moi positivo da vixésimo cuarta edición do Arde Lvcvs, que definiu como “un auténtico éxito”, salientando

especialmente a diversificación dos espazos e a mellora na calidade e cantidade das actividades de recreación histórica. “Conseguimos descentralizar a festa, atraendo máis público familiar e abrindo novas posibilidades de crecemento para vindeiras edicións”, aseguraron desde a organización.

TURISMO. Pola súa parte, a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou os datos de turismo do Arde Lucas 2025, destacando que “o número de turistas que se achegaron a Lugo estes días demostran que Lugo xa está consolidado como un destino estratéxico á hora de visitar Galicia”.

As diferentes instalacións recibiron en total 3212, destacando a importancia do punto de información da Oficina Municipal de Turismo instalado na praza Maior, destacando as procedentes do resto de Galicia e das principais zonas do Estado, entre as que destacan Madrid e Cataluña, seguidos de Valencia, País Vasco e Andalucía. Mentres, Europa e América son os lugares dos que proceden maior número de turistas no eido internacional.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Concertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

EN BREVE

TARDE E TARDIÑA. A programación cultural contará cunha nova edición do ciclo Tarde e Tardiña, unha proposta dirixida a público infantil e familiar que se desenvolverá nas prazas do centro da cidade. O día 10 chegará *Pausa*, de niMú, un espectáculo poético e cheo de improvisación protagonizado por unha pallasa acompañada por música de violonchelo en directo. O 17 será a quenda de *Circo Cambache*, unha traxicomedia onde Kike Castro revive a memoria do seu antigo circo familiar. O día 24 representarase *Glamping*, da compañía SU.MA, unha peza de teatro xestual, acrobacias e clown que reflexiona sobre a convivencia e as relacións humanas nun campamento. E rematarán o 31 de xullo, Pistacatro porá o broche co espectáculo *Sen Patrón*, onde tres malabaristas se enfrontan ao caos e ao humor nun xogo escénico cheo de ritmo e desafíos compartidos.

BIBLIOTECA. A Biblioteca Provincial de Lugo alberga unha exposición dedicada ao cartel anunciador da XLVII Semana de Cine de Lugo, que se celebrará do 22 ao 27 de setembro. O cartel, realizado polo artista Primitivo Marcos, rende homenaxe á lendaria película *La quimera del oro*, de Charles Chaplin, coincidindo co centenario da súa estrea. Ademais do cartel, poden verse os quince deseños previos (mostra do proceso creativo ata a obra final) e bibliografías sobre Charles Chaplin dos fondos da propia biblioteca.

EXPOLUGO. O comité técnico da feira agrogandeira ExpoLugo A Rural acordou que a feira manterá a súa localización no centro da cidade, unha decisión que responde ao éxito da pasada edición, na que se buscou achegar a actividade ao público que participa nas celebracións do San Froilán. O comité técnico de ExpoLugo A Rural creouse en outubro de 2021 por iniciativa da Deputación, co propósito de garantir a representación de todos os axentes implicados no evento e establecer os obxectivos e recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

BAILE. Estilos Urbanos +XTi encherá de música, deporte e ocio alternativo as prazas da cidade durante os mércores de xullo, cunha programación orientada á mocidade e deseñada para transformar os espazos públicos en escenarios de expresión e encontro. A actividade incluírá disciplinas pouco habituais na oferta de ocio xuvenil como o spickeball, o tchouckball, o slackline ou o breakdance, ademais de obradoiros de rap, hip hop, xogos, animación e música en directo. As sesións celebraranse en horario de 16:30 a 20:30 horas, o 9 en Augas Férreas, o 16 no Castiñeiro e o 23 en Roi Xordo, tamén coñecida como Praza Roxa.

O Concello de Lugo reforza o seu compromiso coas escolas infantís

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, visitou a Escola Infantil María Wonenburger, na Piringalla, onde puxo en valor o “importante papel” que desempeñan as escolas infantís municipais no “desenvolvemento harmónico e integral das nenas e nenos”, destacando tamén o seu labor de apoio á función educativa das familias e a súa contribución á conciliación laboral.

Durante a visita, Buide lembrou que a Tenencia de Alcaldía xa completou o proceso ordinario de matrícula para o curso 2025-2026 e indicou que esta toma de contacto serve para coñecer de primeira man as necesidades da instalación e garantir a calidade do servizo de cara ao inicio do novo curso.

A responsable municipal explicou que as escolas infantís municipais ofrecen un servizo integral cunha vertente tanto social como educativa, que abrangue desde a aprendizaxe básica ata aspectos como a



comunicación, a linguaxe, as relacións sociais ou o descubrimento do entorno, traballando de maneira coordinada coas familias e o contorno. Tamén destacou a importancia do compoñente asistencial, que inclúe coidados fundamentais como a hixiene, a limpeza, a alimentación ou a atención sanitaria.

Buide sinalou que o Concello de Lugo realiza un investimento anual superior ao millón e medio de euros para o mantemento destas escolas, un esforzo que, segundo subliñou,

responde á vontade de seguir prestando un servizo que é competencia da Xunta de Galicia.

“Desde o Concello de Lugo realizamos un gran esforzo para cumprir cunha competencia, a educación infantil de 0 a 3 anos, que é da Xunta de Galicia”, afirmou, engadindo que “seguiremos a realizar un gran esforzo económico e administrativo para dar este servizo ás familias, mentres agardamos a que a Xunta se faga cargo das súas competencias e xestione directamente estas escolas”.



Estudantes cos mellores expedientes foron recoñecidos pola USC

Máis de 200 alumnos e alumnas que accederon á universidade cun expediente excelente celebraron o seu esforzo nun acto que puxo en valor a educación pública e a Formación Profesional como porta de acceso ao ensino superior.

O esforzo, a disciplina e a capacidade de superación de máis de 200 estudantes galegos tiveron o seu recoñecemento no Campus Terra da Universidade de Santiago. O auditorio da Facultade de Veterinaria acolleu un emotivo acto no que foron homenaxeados os alumnos e alumnas que acadaron notas sobresaíntes na proba de acceso á universidade (ABAU) logo de completar o Bacharelato ou un ciclo superior de Formación Profesional.

Entre os 131 estudantes que asistiron ao evento, celebrado no marco do programa A ponte entre o ensino

medio e a USC, houbo emoción contida, discursos que puxeron o foco na excelencia académica e no valor de apostar por itinerarios diversos cara á universidade. A USC destacou a crecente relevancia da FP como unha vía sólida e completa para acceder aos estudos universitarios, unha idea subliñada polo propio reitor, Antonio López Díaz, quen cualificou estes traxectos formativos como “vasos comunicantes de riqueza e oportunidade”.

O evento foi, sobre todo, unha celebración dos logros dun alumnado que, desde distintos camiños, demostra que a excelencia académica tamén é posible dende a diversidade de itinerarios educativos e que o futuro universitario está cada vez máis aberto a talentos que veñen de percorridos distintos pero igualmente valiosos.

O Museo da Migración créase dentro da Rede como un espazo virtual

A Rede Museística Provincial vén de lanzar o Museo da Migración, un proxecto virtual que propón unha nova mirada sobre os desprazamentos de persoas no mundo e que se constrúe como ferramenta educativa e de activismo polos dereitos humanos. Pensado para docentes, entidades, creadoras e calquera persoa interesada, o museo busca fomentar sociedades de acollida máis xustas e conscientes. Desde a perspectiva galega da migración —de saída, de retorno e de acollida—, esta iniciativa con raíces lucenses pretende dialogar co mundo desde unha visión integradora. “Non hai un nós e un eles. A experiencia migratoria está composta de fíos que nos permiten tecer un nós máis amplo e diverso”, explicou Encarna Lago, directora da Rede Museística Provincial.

A deputada Iria Castro destacou que esta proposta xorde “dos procesos de escoita cos colectivos sociais e coas persoas que participan nas actividades dos museos provinciais” e valorou a súa capacidade para influír na percepción social das migracións, que —recordou— “configuran historicamente as sociedades en que vivimos”.

O museo aposta por outro tempo no dixital, afastado da lóxica do

Xadrez para todas as idades na Praza do Castiñeiro durante o mes de xullo

O tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, presentaron as actividades previstas para o mes de xullo dentro da programación anual de promoción do xadrez, dirixidas a toda a veciñanza de Lugo. O obxectivo, segundo explicou Iria Buide, é “espertar a curiosidade e o interese polo xadrez, achegando ás familias as vantaxes que a súa práctica representa na dimensión educativa”.

A Praza do Castiñeiro será o escenario destas actividades durante a primeira quincena de xullo, cunha programación que se desenvolverá todas as tardes de luns a venres entre as 18:00 e as 20:00 horas. Instalarase un xadrez xigante, varios taboleiros convencionais e ofreceranse clases de iniciación, permitindo que todas as persoas interesadas poidan participar libremente. Trátase dunha actividade totalmente gratuíta que non require inscrición previa.



consumo rápido. Invita á pausa, á reflexión e ao pensamento crítico a través dunha narrativa coidada e contidos que buscan provocar conexión emocional.

No seu núcleo atópase unha colección de voces: achegas sonoras que relatan en primeira persoa experiencias migratorias marcadas por perdas, aprendizaxes e esperanza. Esta colección está aberta á participación cidadá.

Completan o proxecto tres liñas de acción: unha de investigación, que recompila o traballo previo da RMPL neste eido; unha educativa, como caixa de ferramentas para abordar a memoria, a diversidade e o antirracismo; e outra de actividades que visibilizará proxectos e accións, tanto presenciais como virtuais. O museo será tamén escaparate para artistas, educadoras e iniciativas inspiradoras.

Francisco Xavier Fernández Dávila gaña o Certame Ánxel Fole

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu a xuntanza do xurado do XXVII Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que anualmente organiza o Concello de Lugo xunto coa colaboración de Edicións Xerais de Galiza. Maite Ferreiro destacou este certame como “unha cita consolidada xa no calendario cultural galego, co que anualmente descubrimos novas historias de gran calidade”. A obra Principio de Superposición, da autoría de Francisco Javier Fernández Davila, foi a escollida polo xurado nesta edición, que recibirá un premio de 2.000 euros e a obra será publicada por Edicións Xerais de Galiza.

A obra Principio de superposición destacou sobre as demais, a xuízo das integrantes do xurado, “porque nos descobre a capacidade para crear personaxes que recollen a homofobia feminina na idade da adolescencia, facendo un estudio

da sociedade e do ensino, cunha técnica narrativa que conxuga o diálogo fragmentario nun conxunto coral”.

O xurado contou coa artista multidisciplinar, Luz Darriba, a escritora e crítica, Miriam Beizana, e a literata Ánxela Gracián.

Miriam Beizana é crítica literaria e acude en representación de Edicións Xerais de Galiza. Entre a súa obra destacan Marfariña (2015), Todas la horas mueren (2016), Inflorescencia (2018) e A soidade das nenas (2024). Naceu na Coruña, pero pasou a súa infancia en Carballo. Traballa na administración orientada ao sector industrial, aínda que leva escribindo desde moi nova.

Luz Darriba Magadán, nada en Montevideo en 1954, é unha artista uruguaia que cultiva varias disciplinas como a pintura, ilustración e a escritura. Desde 1990 reside en España, país do cal ten a nacionalidade. A súa popularidade débese en parte ás súas macroaccións urbanas, que

comezaron no ano 2000 con Cumulum, un proxecto que rodeou os 2300 metros de perímetro da muralla romana de Lugo con máis de medio millón de libros, para que este monumento fose declarado patrimonio da humanidade pola Unesco, obxectivo finalmente logrado a finais dese mesmo ano.

Ánxela Rodríguez Rodríguez, nada en San Paio de Arcos (Castroverde) o 1 de marzo de 1968, é unha escritora galega, máis coñecida polo pseudónimo de Ánxela Gracián. É unha licenciada en filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, escritora, tradutora, editora, crítica literaria e dinamizadora cultural. Autora de literatura infantil e xuvenil, traduciu Memorias de Hadrián de Marguerite Yourcenar e a diversos autores de literatura infantil ao galego. Desde 1996 traballou no Servizo de Tradución da Xunta de Galicia.

Renóvase a Sala 10 do Museo para exhibir o sestericio da caetra

O Museo Provincial de Lugo prepara unha renovación da súa Sección de Numismática e Medallística na Sala 10, situada no primeiro andar, coa que se expoñerá de forma permanente o sestericio da caetra, unha peza histórica de gran importancia para a cidade. O proxecto foi adxudicado por 83.000 euros e terá un prazo de execución de tres meses. Esta actuación permitirá tamén mellorar a protección, conservación e comunicación das demais pezas expostas nesta sección.

A deputada de Cultura, Iria Castro, explicou que esta intervención supón a culminación do traballo para incorporar ao patrimonio público esta moeda, relacionada coa orixe de Lugo, e para revalorizar unha das coleccións numismáticas máis relevantes. Ademais, o proxecto desenvolverase cun enfoque inclusivo, que se aplicará a todas as actividades dos museos provinciais.

A sala reorganizárase arredor do sestericio da caetra, adquirido en agosto de 2023, e contará cunha nova museografía que reforzará o carácter didáctico do espazo con imaxes e elementos gráficos sobre a relevancia histórica das moedas. A renovación incluírá vitrinas, iluminación, sinalética e a incorporación de pantallas interactivas para proxectar imaxes 3D das moedas máis destacadas, ofrecendo unha experiencia inmersiva aos visitantes. Para fomentar a interacción coa co-



lección, instálase tamén unha estación táctil e unha máquina expendedora de moedas que permitirá crear réplicas personalizadas. O proxecto terá en conta a sustentabilidade ambiental e a accesibilidade universal no deseño das novas instalacións.

EXPOSICIÓNS. O Refectorio do Museo Provincial de Lugo acolle ata o 31 de agosto a exposición A colección Villaamil y Castro no Museo Provincial de Lugo, unha escolma das pezas artísticas e arqueolóxicas recompiladas polo bibliotecario, arquivista, historiador e bibliógrafo Villaamil y Castro ao longo da súa traxectoria investigadora. As pezas foron incorporadas aos fondos do Museo en 1934 grazas ao depósito realizado pola súa filla Josefa Villaamil y Castro, converténdose nun dos primeiros conxuntos patrimoniais da institución.

A mostra está composta por obxectos de procedencias, épocas e mate-

riais diversos —entre eles cerámicas, manuscritos e pezas arqueolóxicas— e foi coordinada pola Dirección do Museo e polos departamentos de Arqueoloxía e Historia, Belas Artes, Etnografía e Artes Decorativas, así como polo Negociado de Coleccións. Tamén inaugurou unha nova exposición que pon en valor a vida e obra de Rosalía de Castro, unha figura esencial da literatura galega. *Rosalía. Proclamar ao mundo que Galiza existe* está composta por unha vintena de paneis que profundan no contexto histórico no que se desenvolveu a súa creación literaria.

A exposición, producida por Galiza Cultura e ilustrada con debuxos de Pepe Carreiro, estrutúrase en tres eixos: a biografía da autora a través dunha narrativa cronolóxica, o contexto histórico, social e cultural que marcou a súa vida e obra, e a orientación e vixencia da súa produción literaria.



Celebrouse a primeira Ofrenda do Antigo Reino de Galicia como BIC

O Concello de Lugo acolleu a tradicional recepción institucional previa á Ofrenda ao Santísimo Sacramento, un acto co que a cidade renova cada ano unha das súas tradicións máis antigas, instaurada en 1669 e recentemente recoñecida como Ben de Interese Cultural (BIC).

O alcalde Miguel Fernández fixo fincapé no carácter simbólico desta cerimonia, que vai máis aló do ámbito relixioso para reafirmar a irmandade entre as sete cidades do Antigo Reino de Galicia: Lugo, Betanzos, A Coruña, Mondoñedo, Ourense, Santiago de Compostela e Tui.

Durante o acto na Casa Consistorial, o rexedor vinculou esta unión á capacidade de traballar en común por obxectivos compartidos, e destacou a importancia do recoñecemento como BIC, que cualificou como “froito do esforzo conxunto”, cun recordo especial para a exalcadesa Paula Alvarellos, “clave na súa consecución xunto ao Bispado”.

Fernández tamén quixo salientar as tradicións que unen a Lugo e Betanzos, como as festas de San Froilán

ou San Roque, os seus centros históricos, as celebracións da Semana Santa ou a relevancia dos camiños de Santiago, ademais da aposta conxunta pola conservación do patrimonio natural e fluvial.

A alcaldesa de Betanzos, María Barral Varela, foi a encargada de realizar a ofrenda deste ano na Catedral. No seu discurso, fixo unha defensa dunha Galicia “inclusiva, diversa e aberta” e lembrou aos traballadores e traballadoras que loitan por un futuro mellor, á mocidade, ás familias afectadas pola pobreza e ás vítimas da guerra, pedindo pola paz e a reconciliación global.

Un dos momentos máis emotivos foi a súa petición en favor das mulleres que sofren violencia, ás que reclamou protección, xustiza e esperanza, cun chamamento á valentía para acadar unha igualdade real.

Barral tamén lembrou con especial afecto a Paula Alvarellos, definíndoa como unha persoa entregada á cidade de Lugo, cuxo exemplo debe guiar o traballo institucional a prol do ben común.

O Vello Cárcere acolle en xullo unha mostra sobre o patrimonio cultural

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, inaugurou no espazo expositivo do Vello Cárcere a mostra ‘Olladas #EMPC. Olladas #INSITU’, unha exposición que recolle a traxectoria dos Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural (#EMPC), organizados polo Consello da Cultura Galega entre os anos 2015 e 2023.

A mostra fai un percorrido por 15 dos 42 encontros desenvolvidos ao longo de oito anos, nos que participaron máis de 180 especialistas e aos que asistiron preto de 2.000 persoas. Estes encontros consolidáronse como un espazo clave

para o diálogo, a reflexión e a posta en valor do patrimonio cultural galego e do norte de Portugal, destacando pola súa transversalidade disciplinar, temática e social.

Durante o acto de inauguración, Iria Buide subliñou a importancia de achegar á cidadanía proxectos coma este.

A exposición estrutúrase arredor de cinco eixos temáticos que sintetizan as experiencias dos encontros: a divulgación e o patrimonio; a vida nos espazos urbanos con historia; as novas olladas técnicas; os conflitos arredor do patrimonio; e o papel da cidadanía na súa construción e defensa.

Pequenas xoias culturais ocultas

Espazos únicos espallados por toda Galicia amosan coleccións sorprendentes sobre videoxogos, xoguetes antigos, maquinaria agrícola ou traxes tradicionais, e reivindicando outro xeito de vivir a cultura, máis íntimo e comprometido coa memoria local

Por Galicia adiante existen museos que non adoitan figurar nas rutas máis transitadas nin nos folletos turísticos de cores brillantes. Espazos culturais que, lonxe do ruído mediático ou da masificación, conservan a súa autenticidade e ofrecen unha experiencia de descubrimento. Son museos que nacen da paixón de persoas concretas, da memoria colectiva ou da necesidade de preservar un legado cultural ou tecnolóxico. E nese silencio relativo, acadan unha forza particular.

MUVI

Un deses exemplos atópase en Cangas do Morrazo, onde funciona o MUVI, Museo dos Videoxogos, que moitos descoñecen pero que pode presumir de ser pioneiro no seu eido. O centro é tanto interactivo como divulgativo, cun percorrido que leva ao visitante pola evolución da microconsola, do ordenador e do videoxogo. Máis de 150 sistemas electrónicos amosan como cambiaron as formas de xogar e tamén os obxectos que acompañaron xeracións enteiros. Dende consolas dos anos 80 ata dispositivos máis actuais, o MUVI convida a redescubrir aparellos que quizais moitos teñan esquecidos nalgún recuncho da casa, convertidos xa en pequenas reliquias da tecnoloxía doméstica.

MUSEO DOS XOGUETES

Sen afastarse demasiado do universo lúdico, cómpre mencionar os museos do xoguete, repartidos por varias localidades galegas. En Allariz, o Museo Galego do Xoguete ocupa unha casa señorial do século XVIII. A súa orixe está ligada á xenerosidade dun veciño, Alberto Oro Claro, quen doou unha colección persoal de preto de 800 xoguetes de diferentes épocas, que van dende comezos do século XX ata mediados dos anos 60. Os xoguetes son testemuñas materiais dunha infancia doutros tempos, de xeitos de xogar, educar e soñar que xa non existen, pero que seguen a emocionarnos. En Lalín, concretamente no Pazo de Liñares, atopamos outro Museo do Xoguete, alimentado pola colección de Antonio Chaves. A mostra reúne pezas únicas que permiten observar



a evolución do deseño, dos materiais e mesmo das ideas pedagóxicas arredor do xogo. A colección é un exercicio de memoria compartida, tanto para adultos como para crianzas. Un enfoque máis orixinal ofrece o MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete, situado en Ponteceso. A súa especialización céntrase nos xogos e deportes tradicionais, facendo un repaso desde a prehistoria ata os nosos días. A través de paneis, réplicas e obradoiros, o museo pon en valor formas de xogo que forman parte da tradición galega e europea, contribuíndo a recuperar prácticas que, sen espazos coma este, correrían o risco de desaparecer.

MUSEO DO FERROCARRIL

Tamén a tradición ferroviaria ten o seu lugar destacado en Galicia, e o exemplo máis significativo é o MUFERGA, Museo do Ferrocarril de Galicia, situado en Monforte de Lemos. Unha das xoias desta institución é a súa rotonda ferroviaria, un antigo taller de tracción cunha estrutura única en España: 38 vías radiais e un ponte transbordador xiratorio que permiten visualizar como se manexaban as locomotoras noutra época. O museo conserva tamén locomotoras e vagóns de distintas décadas e ofrece un parque

temático a pequena escala que entusiasma ao público familiar. A visita supón un regreso ao tempo no que o tren era a columna vertebral da mobilidade interior galega.

MUVICLA

Moi preto, en Trasliste (Láncara), atópase o MUVICLA, siglas de Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria. Aquí non só se expoñen tractores e maquinaria, senón que o propio museo está inserido nunha explotación agrícola en funcionamento. A finca dedícase á produción de mazá e á cría de tenreira, e isto permite que o visitante observe de primeira man o uso real e pasado das ferramentas agrícolas. O MUVICLA conta a historia da mecanización do campo galego, e permite, entre outras cousas, dar un paseo nun tractor clásico. Máis que un museo, é unha experiencia.

MUSEO DO MOUCHO

Pero se falamos de singularidade, poucos centros tan inesperados como o Museo do Moucho, situado en Cerceda. Fundado en 1994, acolle unha colección de máis de 5.000 pezas relacionadas con esta ave nocturna que tanto fascina a sabios e supersti-



ciosos. Hai esculturas, pinturas, obxectos de xoiería, pezas artesanais e ata instalacións interactivas, todo arredor do moucho. O museo naceu do coleccionismo e da devoción, e hoxe constitúe un espazo de reflexión e humor arredor dun símbolo cultural moi presente no imaxinario galego.

CENTRO A MINA

Por último, cómpre mencionar o centro de interpretación A Mina, nas Pontes, situado na antiga Casa da Enerxía. Esta instalación convida a reflexionar sobre o pasado industrial da vila, especialmente vinculado á extracción de lignito pardo. O espazo ofrece contidos gráficos, audiovisuais e paneis explicativos que afondan na historia da mina e na súa pe-

gada ecolóxica e social. Trátase dun exemplo de como a memoria industrial pode converterse nun recurso cultural de valor. En definitiva, os museos menos coñecidos de Galicia forman un mapa paralelo da nosa identidade. Espazos pequenos, moitas veces xestionados por persoas ou asociacións locais, que gardan historias extraordinarias. Nun tempo no que todo parece pasar pola visibilidade en redes sociais e o turismo masivo, estes museos reivindicando outro xeito de coñecer: máis tranquilo, máis próximo, máis humano.

MUPEGA

Santiago de Compostela, capital da cultura galega por antonomasia, agocha tamén algúns espazos pouco coñecidos. Un deles é o MUPEGA, Museo Pedagóxi-

co de Galicia, onde se mostra a evolución da escola galega a través de mobiliario, libros, instrumentos e fotografías de distintas épocas. O visitante pode observar aulas recreadas do século XIX ou material didáctico xa en desuso, que permite comprender mellor o proceso educativo das xeracións pasadas. Outro espazo destacable é o Museo de Historia Natural, no Parque de Vista Alegre, con dioramas que reproducen os hábitats de distintas especies animais e unha das maiores coleccións malacolóxicas do mundo, a de Emilio Rolán. A mostra de minerais complementa a visita, que resulta tan atractiva para familias como para persoas investigadoras.

MUSEO DO TRAXE

Hai nomes que deixan pegada, e un deles é o de Juanjo Linares, bailarín e mestre nacido en Ordes, figura fundamental na recuperación das danzas tradicionais. O museo que leva o seu nome, Museo do Traxe Juanjo Linares, está situado na súa vila natal e xorde a partir da súa doazón persoal: máis de mil traxes de baile, dos cales se expoñen uns 260. A colección inclúe vestimenta tradicional galega de diferentes épocas, traxes utilizados polo propio Linares e pezas que pertenceron a artistas de renome, como Antonia Mercé ou Antonio Gades. É un museo que, máis alá da indumentaria, fala do movemento, da escena e da identidade.

MUSEO DE CORNAMUSAS

A música tamén ten o seu espazo noutros puntos de Galicia, como na Escola Provincial de Gaitas de Ourense. Alí, ademais de formar ás novas xeracións de músicos, albergan o Museo Internacional de Cornamusas, unha colección única que reúne gaitas de Galicia, Europa, Asia e África. É un percorrido sonoro



e visual pola diversidade dun instrumento que, malia as súas múltiples variantes, comparte estruturas básicas e unha mesma alma musical.

MUSEO BONITEIRO

Dentro do eido etnográfico, Galicia está chea de pequenos museos locais que documentan oficios, rituais e formas de vida propias de cada comarca. Pero

hai un espazo que destaca pola súa orixinalidade: o Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, en Burela. Trátase dun barco de madeira construído nos anos 60, que foi transformado nun museo flotante sobre a pesca do bonito e a vida mariñeira. A visita permite coñecer os espazos reais nos que vivían os mariñeiros, as técnicas de pesca, o funcionamento do motor, e todo o que rodea a cultura do



mar. É, como din algúns visitantes, “unha viaxe ao centro do océano sen saír do porto”.

MUSEO DO HUMOR

E como non todo vai ser solemnidade, en Fene funciona dende hai anos o Museo do Humor, impulsado por Xaquín Marín, unha das figuras máis queridas do humor gráfico galego. O museo alberga exposicións

permanentes e temporais de caricatura, cómic, ilustración e obxectos curiosos. Un percorrido polas salas permite coñecer o traballo de autores como Siro, Davila, Pinto & Chinto ou Castelao, e tamén de humoristas doutras latitudes. O centro organiza actividades, premios e actuacións, e busca conectar co público dende a risa e a crítica, entendendo o humor como un instrumento de pensamento.

INFORMACIÓN

MUVI, Museo dos videoxogos

Rúa Aragón, 2, Cangas, 36940.
Horario: Sábados de 16.30 a 21.00 horas

Museo Galego do Xoguete

Rúa Portelo 4, Allariz.
Horario inverno: Sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 17:00 a 19:00. Xaneiro pechado.
Horario verán: De martes a domingo e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 18:00 a 20:00

MUVICLA

A Eirexe 1, Trasliste, Láncara
Calquera día do ano con cita previa

Museo do Xoguete en el Pazo de Liñares

Liñares, s/n, Lalín.
Horario: De martes a sábado: 11:00 a 14:00, 17:00 a 20:00 horas.

MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete

Avda. de Bergantiños 65, Ponteceso.
Horario: Sábados 11:00 a 14:00 e 17:00 a 19:00. Domingos 11:00 a 14:00.

Museo do Moucho

Edificio de Servizos Múltiples. Avda de Galicia, 37, Cerceda.
Horario: De martes a sábado de 10 a 13 e de 16 a 19 horas.

Museo do Ferrocarril, MUFERGA

Padre Feijoo, s/n, Monforte de Lemos
Horario: Mércores a Venres: 11:00-14:00 e 16:00-19:00 horas. Sábados e domingos: 10:00-14:00 e 15:00-19:00 horas. Festivos: 12:00-14:00 y 17:00-19:00 horas.

Museo do Traxe Juanjo Linares

Praza do Campo da Feira, 5, Ordes
Horario: Martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas.

Museo Internacional de Cornamusas

Doutor Temes S/N Ourense
Horario: Luns a venres: 9.30-14.30 horas.

Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen

Explanada portuaria de Burela
Horario: consultar chamando ao 982 888 506 (desde febreiro ata o 31 de outubro) - 982 586 000 (do 1 de novembro ao 31 de xaneiro).

Museo do Humor de Fene

Avenida de Conces, 20-22
Horario: Luns a venres de 10 a 13 horas e de 16 a 21 horas. Sábados de 10 a 13 horas.

Centro de Interpretación de A Mina

Alcalde José Vilaboy Pajón, s/n, As Pontes.
Horario: consultar 981 453 116

A Deputación comeza o aglomerado en dúas estradas friolesas



A Deputación de Lugo iniciou esta semana importantes traballos de mellora en dúas vías provinciais que discorren polo Concello de Friol. O investimento total ascende a preto de 226.000€ e as obras afectan aos primeiros dous quilómetros das estradas LU-P-2105, que conecta o empalme de Prado con San Paio de Narla, e LU-P-2115, que une O Vento con Santa Marta, na parroquia de Vilalvite. Comezaron os traballos do esten-

dido do aglomerado en quente e continuarán coa reposición da sinalización nos dous primeiros quilómetros de ambas vías, mellorando a seguridade da circulación nestes tramos que son moi empregados polos veciños e veciñas do municipio friolés. A empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL é a que está a levar a cabo a rehabilitación do firme destas obras que se prevén estean rematadas a finais deste mes de xuño, se a climatoloxía o permite.

Chegan ao seu fin as Olimpíadas Rurais cunha ampla participación

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, fixo este luns unha valoración moi positiva das II Olimpíadas Rurais de Galicia, que se celebraron esta fin de semana no municipio e que congregaron a 14 equipos participantes nun ambiente de competición, convivencia e festa rural. Expresou publicamente o seu máis sincero agradecemento a todas as persoas que fixeron posible esta segunda edición, tanto participantes como colaboradores e institucións. Os premios foron para os Lamalexos, de Castroverde, que acumularon 380 puntos, seguidos de os frioleses Juais Team, con 333, e Trasjalaicos, que chegaron a 318. Santos destacou a implicación e o entusiasmo dos equipos participantes, que contribuíron “de maneira decisiva ao éxito desta edición, cunha competición san e un ambiente memorable”. Subliñou especialmente o esforzo e dedicación das persoas que integraron os 14 equipos que protagonizaron estas olimpíadas, valorando a súa entrega como “in-



valuable”. O alcalde tamén agradeceu o apoio da Xunta de Galicia, nomeadamente da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, “pola súa sensibilidade, implicación e respaldo desde o primeiro momento para facer realidade este evento”. Tamén tivo palabras de recoñecemento para Turismo de Galicia, que xunto coa Consellería financian integramente esta iniciativa. Ademais, Santos puxo en valor o traballo do Colectivo Hércules, organizador do evento, e en especial o seu presidente, Thor López, “que ao lon-

go de todo o ano traballou no deseño do programa e na organización das probas, unha tarefa que merece o noso recoñecemento”. O alcalde pechou a súa intervención cun desexo de continuidade: “Espero seguir contando co apoio de todos no futuro, e que esta experiencia única e especial fora gratificante para todas as persoas que formaron parte dela”. E rematou cunha mensaxe de entusiasmo para a próxima edición: “Vémonos o ano que vén, nas III Olimpíadas Rurais de Galicia!”.

O Concello licita o asfaltado de vías no rural por 170.000 euros

Aberta a licitación dun proxecto de pavimentación de varios accesos nas parroquias de Xiá, Silvela, Condes, Vilalvite e Narla, en Friol, con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2025-2026, por un valor de case 170.000 euros. As empresas interesadas están en prazo de poder presentar as súas propostas para levar a cabo os traballos necesarios para realizar obras importantes para o Concello de Friol, que suman case 170.000 euros, e que se financiarán con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2025-2026, que financia Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) dependente da Consellería do Medio Rural. Realízanse pavimentación de accesos aos núcleos de Castorres a Casanova e a O Foxo na parroquia de Xiá, en Corteporcós na parroquia de Silvela, en Macedo e de Macedo a A Dedreira e a Torre na parroquia de Condes, en Carballal e O Rebolo na parroquia de Vilalvite e en Todón na parroquia de Narla. Con estas intervencións melloraránse



os accesos ás explotacións gandeiras da zona, e ás vivendas, o que permitirá optimizar os resultados económicos das explotacións e facilitar a circulación dos vehículos en xeral por esas vías. Realizaranse os traballos que están reflectidos no proxecto técnico, así como rasanteo de explanadas, extendido de zorra, asfaltado, formigonado, etc., e tamén se proxectou a limpeza de cunetas, colocación de tubos para que a auga de escorrentía circule con maior facilidade e polos ditos tubos e non deteriore o pavimento dos viais, etc. A xustificación desta intervención baséase fundamentalmente na ne-

cesidade de rexeneración do firme actual que presenta un deterioro considerable polo continuo paso de vehículos, e polo tanto, necesitan unha mellora para que o tráfico non se vexa limitado nin se poña en perigo a seguridade viaria. “Todas estas actuacións traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello”, explicou o alcalde, José Ángel Santos, que engadiu que “temos que seguir traballando para que as nosas estradas se manteñan no mellor estado de conservación posible”.

Poñen en valor o traballo da Atención Temperá

A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, acompañada do alcalde de Friol, José Ángel Santos, visitou a unidade de Atención Temperá dos concellos de Friol, Guntín, Rábade, Begonte e Palas de Rei. Alí, destacou que estes recursos ofrecen un servizo personalizado e gratuíto ás familias con nenos de 0 a 6 anos que presentan problemas no seu desenvolvemento. Na visita, tamén louvou o traballo que realiza esta unidade, que atende a máis de 50 familia, e abordou co rexedor e coas profesionais a proposta de ampliar o servizo para poder atender nenos máis aló dos 6

anos. A directora xeral destacou que esta unidade forma parte da Rede Galega de Atención Temperá, que integra a 51 unidades que dan servizo a máis de 200 concellos e atenden a máis de 5.000 nenos e nenas de toda Galicia cun investimento anual por parte da Xunta de 8M€ enmarcado no programa FSE Galicia 2021-2027. Begoña Abeijón sinalou que a aposta do Goberno galego por este servizo permitiu pasar de dúas unidades de atención temperá abertas no ano 2009 ata as máis de 50 da actualidade, que se seguirán vendo incrementadas nos próximos meses.



Licitan obras de rexeneración de vías municipais por 282.736 euros

O Concello de Castro de Rei, licita obras de rexeneración en vías municipais por importe de 282.736 euros en distintas parroquias do Concello.

Por unha banda con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 Agader, licítanse traballos de rexeneración en vías de titularidade municipal nas parroquias de Orizón, Pacios e Ponte de Outeiro por importe de 118.978 euros.

Despois, con cargo ao Plan Único da Deputación de 2025, licítanse obras de pavimentación, rexeneración e mellora de vías municipais nas parroquias de Triabá, Duarría, Loentia, Ludrio, Balmon-te, Bazar, Outeiro, Pacios e San Martiño de Goberno, por importe de 163.758 euros.

Dende o Concello destacan a necesidade de manter en bo estado



as vías municipais para facilitar os accesos tanto ás explotacións gandeiras como ós veciños que residen nas distintas parroquias do rural, sendo fundamentais estes traballos periódicos de rexeneración de vías para manter a actividade no rural, ó tempo que se trata dunha necesidade periódica

debido ao desgaste que sofren moitas vías do municipio, non só debido ao tránsito continuo, senón á intensidade cada vez máis grande das choivas, que nos meses de inverno e primavera, manteñen asolagadas moitas zonas produtivas do Concello, causando importantes danos á rede viaria.

O Museo do Castro de Viladonga celebra o Campamento Castrexo ata finais do mes de agosto

O Museo do Castro de Viladonga abriu o Campamento Castrexo, unha actividade lúdica e educativa destinada a nenos e nenas que queiran coñecer de preto a vida e a cultura dos antigos poboados castrexos.

As familias interesadas poderán inscribir aos seus fillos e fillas chamando ao 982 870 160. Para formalizar a inscrición será obrigatorio cubrir e asinar o formulario correspondente, dispoñible para descarga no perfil do museo ou na súa páxina web. O formulario tamén se pode recoller de maneira presencial nas instalacións do propio museo.

O campamento desenvolverase en catro quendas distintas, todas en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres laborables, e contará cun máximo de 15 participantes por quenda.

A primeira quenda terá lugar do 30 de xuño ao 11 de xullo (10 días); a segunda, do 14 ao 24 de xullo (9 días, con 1 festivo); a terceira, do 28 de xullo ao 8 de agosto (10 días); e a cuarta, do 11 ao 22 de agosto (9 días, tamén con 1 festivo).

O Campamento Castrexo do Museo de Viladonga é unha oportunidade para que os máis pequenos aprendan, xoguen e descubran a historia dun xeito divertido, nun contorno único e cheo de valor patrimonial.

O programa galego de desenvolvemento rural está executado ao 90 %



O secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, Jorge Atán, acompañado polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño; e pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, presidiu a reunión do 41º Comité de seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, celebrado en Castro de Rei, onde destacou o grao de execución da Consellería, que supera o 90%.

En concreto, a 31 de decembro de 2024, a execución alcanzaba o 91,4% respecto ao orzamento programado. Estes niveis superan a media estatal (86,3%) e europea (88,2%). Estas cifras sitúan

o PDR de Galicia no quinto posto entre as programas españois con maior execución e o primeiro Feader con máis de 1.000 millóns de euros.

Estes datos puxéronse en valor no marco deste Comité de seguimento do PDR, que tamén validou o informe anual de execución dos fondos Feader/Euri. A comunidade contou cunha dotación programada superior os 1.224 millóns de euros, asignados para o período de execución que remata o 31 de decembro deste ano.

A reunión do comité rematou coa visita á explotación gandeira Granxa Grixeira, situada en Cospeito, un proxecto que estivo cofinanciado con fondos Feader.

O alcalde analiza os investimentos da Xunta



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para abordar distintas iniciativas de interese para o concello.

Entre as máis recentes figura a concesión de 23.800 euros para acometer melloras no parque empresarial de Castro de Ribeiras de Lea, a través da orde de axudas da Consellería de Economía e Industria

para modernizar as infraestruturas dos polígonos galegos. Os investimentos servirán para renovar a sinalización horizontal do parque e para mellorar a xestión de residuos neste espazo.

Arias trasladoulle ao rexedor a vontade do Goberno galego de seguir traballando conxuntamente no desenvolvemento de proxectos co fin de garantir o benestar dos veciños e veciñas do municipio.

Exposto o Plan de Ordenación de Predios en Viladonga

O Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (POPEVA) de Viladonga, Castro de Rei, vinculado á reestruturación parcelaria da zona, xa se atopa en fase de exposición pública. Segundo establece o artigo 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a incorporación a este plan será de carácter voluntario.

O prazo para consultar o documento e solicitar a integración provisional permanecerá aberto ata o 17 de xullo de 2025. Durante este período, a veciñanza poderá presentar alegacións dirixidas ao Ser-

vizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo.

A documentación pode consultarse tanto na páxina web da Consellería do Medio Rural como na do Concello de Castro de Rei. Ademais, está dispoñible un canal de WhatsApp coas últimas novidades, ao que se pode acceder a través dun código QR incluído no cartel informativo.

Para máis información, as persoas interesadas poden contactar co Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo nos teléfonos 982 294 497 ou 982 294 493.

DÍA DE GALICIA



A portavoz nacional, Ana Pontón, reclamou desde Castro de Rei tanto ao Goberno estatal como á Unión Europea que non secunden a escalada belicista iniciada por Israel e EEUU cos seus ataques "ilegais" a Irán e impidan a utilización das bases militares en territorio europeo.



A Biblioteca entregou os premios do Certame de Narración e Debuxo

A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei fixo entrega dos premios do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2025, unha actividade xa consolidada dentro da programación cultural do concello. Nesta edición participaron arredor de 60 nenas e nenos de diferentes niveis educativos. Na categoría de debuxo, dentro do grupo A (ata 8 anos), os premios foron para Valeria Hungría Fernández (1º de Primaria), Adrián Blanco Pérez (1º de Primaria) e Aroa Fernández Barreiro (3º de Primaria), mentres que o accésit recaeu en Hugo López Díaz (3º de Primaria). Na categoría B (de 9 a 11 anos) resultaron premiadas Area

Barreiro Barja (4º de Primaria), Abril Lorenzo López (5º de Primaria) e Icí Saornil Morandeira (6º de Primaria), sendo o accésit para Antón Fernández Barreiro (5º de Primaria). Na categoría C (de 12 a 16 anos) o único premio foi para Manuel Rodríguez Coedo (6º de Primaria). En canto á categoría de narración, no grupo A (ata 8 anos) o gañador foi Hugo López Díaz (3º de Primaria). Na categoría B (de 9 a 11 anos) os premios foron para Area Barreiro Barja (4º de Primaria), Nerea Rodríguez Saornil (6º de Primaria) e Carmen Fernández Manso (5º de Primaria). O accésit nesta categoría correspondeulle a Dafne Peña Piñeiro.

Convocada a Feira da Artesanía para o día 5 con 90 expositores

A XVII edición da Feira da Artesanía de Outeiro de Rei celébrase o vindeiro sábado, 5 de xullo, con preto de 90 expositores, entre artesanía e alimentación e moitas actividades que encherán de visitantes o municipio. Con esta feira de artesanía preténdese impulsar e dar a coñecer o traballo do sector artesanal e paralelamente promocionar e dinamizar a actividade económica e turística do municipio. Na sección de artesanía poranse á venda produtos de cerámica, cestería, artesanía da madeira, instrumentos de música tradicional, gancho e calceta, xoiaría, coiro, traxes rexionais, ferro, artesanía téxtil e complementos de moda, decoración, cerería, xabóns, bixería, esmaltes, macramé, bolillos, manualidades, antigüidades, etc. Pola súa parte, na sección de alimentación ofertaranse mel, produtos de panadería, embutidos, queixos, chocolates, doces, viños e licores, allos de Valledado, pementón de La Vera, etc. Por iso, desde o Concello de Outeiro de Rei animan a participar nunha feira onde haberá gran variedade de produtos exclusivos, ademais de poder gozar dun día especial nunha feira chea de posibilidades e que rematará cunha sesión de fogos de artificio e actuacións musicais con motivo das Festas de Santa Isabel.



Todo comezará coa IV Andaina Solidaria do Concello de Outeiro de Rei organizada pola Asociación Somos Unidos por el Cáncer, asociación presidida por José Manuel Vázquez, andaina na que colabora o Concello de Outeiro de Rei. Está prevista a saída da Praza do Concello ás 10:30 horas e terá un percorrido de 6 km, cun trazado circular de dificultade baixa que contempla a participación tanto infantil como de persoas adultas. Durante o percorrido está previsto un xogo de busca do tesouro dirixido aos nenos e nenas participantes, e ao remate da andaina haberá xogos populares, sorteos, pinchos e entrega de premios. A recadación irá destinada integramente á asociación. Durante a xornada haberá demostracións en vivo de oficios tradicio-

nais: as olarías de tradición de Sober e Buño e varios artesáns máis, entre eles, o torneiro de Prado-Arzúa-Torneados e a escultora Clara Naseiro. Tamén haberá unha representación da asociación Bolboretas fiandeiras, que realizarán fiado de la; e de membros da asociación Corazóns artesáns, con exhibición de macramé, bolillos, etc. Tampouco faltarán as actuacións musicais, nas que Volta do Agro cobra protagonismo; ou as actividades infantís, como obradoiros de maquillaxe na rúa D., obradoiros de xogos populares (socatira, pita cega, carreira popular de sacos, bolos celtas, Mariola, 3 en raia...), taller de globoflexia, e outro de chapas, ademais de diferentes xogos con paracaídas no Campo de Santa Isabel.

EN BREVE



ALMORZOS. Remataron os almozos saudables con 42 alumnos de 1º de primaria do colexio Laverde Ruíz. Estiveron presentes o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, e Begoña Seco Varela, tenente alcalde.



PESCA. Entregádosos os diplomas á rapazada que participou nas actividades organizadas polo club de pesca Os Troiteiros de Outeiro de Rei. A través destas actividades, a rapazada coñeceu as especies que se atopan nos ríos galegos, as normas para pescalas e como practicar a captura e solta.

O BNG acusa ao alcalde de “actitude antidemocrática e sectaria” nos plenos

O BNG de Outeiro de Rei denuncia publicamente a “actitude antidemocrática e sectaria do alcalde” durante o pleno municipal celebrado este xoves 29 de xuño, “no que se vulneraron os dereitos das concelleiras do grupo municipal”. Segundo explican os nacionalistas, o rexedor impediu o debate das emendas presentadas polo BNG á ordenanza reguladora do viveiro de empresas, “incumprindo o artigo 134.2 da Lei de Réxime Local, que recoñece expresamente o dereito das concelleiras a defender e votar individualmente cada emenda”. A concelleira do BNG, Elvira Lombao, foi clara ao respecto: “O alcalde quixo calar ao BNG e impedirnos exercer os nosos dereitos como representantes da veciñanza. É un feito gravísimo, non só pola cuestión política, senón pola falta de respecto institucional que demostra cara á democracia local.” Lombao engadiu: “Estamos fartas de que se utilice a maioría absoluta

como unha ferramenta de censura. Unha cousa é aprobar propostas co voto maioritario e outra moi distinta é impedir o debate democrático no pleno.” Indican que outra mostra máis da “actitude autoritaria do alcalde é a constante obstrución ao labor do BNG, impedindo que presentemos máis dunha moción por pleno. Mesmo cando intentamos introducir mocións por urxencia, tampouco se nos permite”. O BNG anuncia que tomará as medidas necesarias para defender os dereitos que lle corresponden como grupo municipal e seguirá traballando para garantir a participación democrática e o respecto institucional no Concello de Outeiro de Rei.

O PLENO. No pleno ordinario aprobouse a proposta de creación dun viveiro empresarial, complementario ao viveiro industrial xa existente, co obxectivo de atraer empresas de diferentes sectores ao municipio.

Contou con nove votos a favor, unha abstención e tres edís que non exerceron o seu voto. No expediente relativo ao Xulgado de Paz, o pleno abordou o nomeamento do xurado substituto, que foi aprobado con dez votos a favor e tres abstencións. Tamén se tratou a moción presentada polo PSOE para a adhesión do concello á Rede ELGC (Entidades Locais Gandeiro-Cárnicas). O goberno local valorou positivamente esta proposta como unha oportunidade para apoiar o sector gandeiro no municipio ante o seu descenso e fomentar o desenvolvemento do rural, resultando aprobada con dez votos a favor e tres abstencións. Por último, debateuse a moción presentada polo Grupo Municipal Popular en defensa do Estado democrático e de dereito e en repulsa á corrupción que, segundo os populares, afecta á contorna persoal e política do presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

o corgo

A Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios será do 1 ao 3 de agosto

O Corgo acollerá os días 1, 2 e 3 de agosto a Mostra de Maquinaria e Mercado de Oficios 2025, un evento organizado pola Asociación Os Cinco Ríos e que mestura tradición, artesanía, gastronomía e diversión, e que promete converter o municipio nun punto de encontro para todas as idades.

A programación comeza o venres 1 ás 22:00 horas cunha pancetada gratuíta e continúa ás 23:00 coa actuación musical do grupo Calibre. O sábado 2 a feira abrirá as súas portas ás 10:00 horas e contará coa concentración de motos ás 13:00, seguida dunha sesión vermú con Mar de Caión ás 13:30 e xantar popular ás 14:00. Pola tarde, ás 17:00, haberá xogos tradicionais con Vingolea, unha actividade aberta a todos os públicos. Ás 21:00 repartiranse pinchos gratuítos e ás 22:00 terá lugar a festa e verbena coa actuación de Mar de Caión e a disco



móbil DBC.

O domingo 3 arrancará ás 10:00 coa apertura da feira. Ás 11:30 actuará un grupo rexional e ás 12:30 terá lugar a concentración de vehículos clásicos.

O pregón, que correrá a cargo de Javier Arias Fouz, será ás 12:45, e ás 13:00 ofrecerase unha degustación gratuíta de cordeiro á grella. A sesión vermú correrá a cargo de Vaivén ás 13:15, seguida do xantar ás 14:00.

Pola tarde, a partir das 16:30, os máis pequenos poderán gozar dunha festa da escuma, xogos de auga e globoflexia con Guachilandia. Ás 17:00 haberá tardeo con música de Vaivén, ás 18:00 realizaranse os sorteos e ás 20:00 clausurarase o evento.

Durante os tres días, os asistentes poderán visitar postos de artesanía, maquinaria, coches de ocasión, talleres de madeira e desfrutar de polbeiras, actuacións e moito máis.

O Concello asume a titularidade de varios treitos da antiga N-6 cedidos polo Mitma

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible cedeu ao Concello do Corgo a titularidade de varios treitos da antiga estrada N-6 ao seu paso polos núcleos rurais de A Hermida (Franqueán), Escardel (Gomeán) e A Ponte do Vao (Laxosa), comprendidos entre os quilómetros 481,730 e 491,115 da N-6, na provincia de Lugo. En total, a cesión abrangue unha lonxitude de 1.995 metros e unha superficie estimada de 12.860 metros cadrados.

A transferencia de titularidade fíxose efectiva o pasado 9 de maio de 2025, coa sinatura da acta correspondente por parte de ambas administracións. Desde ese momento, o Concello do Corgo pasa a ser o titular destes treitos, incluídos os seus elementos auxiliares e equipamentos, asumindo así as competencias en materia de conservación e mantemento.

Cómpre destacar que esta cesión non implica transferencia económica ningunha nin xera gasto para a Administración Xeral do Estado.

A operación realizouse ao abeiro do disposto nos artigos 5 e 49 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas, así como do artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.



Homenaxe a Quique Casanova no aniversario do seu pasamento

O grupo municipal do BNG no Corgo celebrou unha homenaxe a Quique Casanova con motivo do décimo aniversario do seu falecemento.

O acto tivo lugar na praza de Manán, que leva o seu nome en recoñecemento ao seu labor a prol da parroquia, e contou coa presenza de compañeiros e compañeiras do BNG de distintas localidades, así como veciñanza e representantes de entidades culturais coas que Quique mantivo unha vinculación constante. Casanova, fillo adoptivo do Corgo desde o ano 2016, foi considerado por todas como un corgués de pleno dereito, especialmente vencellado ao val de Gomeán. Persoa discreta, humilde e traballadora, destacou como defensor da lingua galega, da cultura, da natureza e do activismo

social. Foi membro fundador da asociación cultural Arumes do Corgo e do Centro de Estudos do Corgo, e deixou unha fonda pegada tanto no ámbito cultural como político.

Durante 16 anos foi militante nacionalista e concelleiro do BNG no Corgo, exercendo unha oposición construtiva e canalizando as demandas da veciñanza. As persoas que o coñeceron destacan o seu carácter afable, a súa coherencia ideolóxica e o seu compromiso co ben común, sempre loitando por un Corgo mellor e por unha Galiza sen límites.

Con esta homenaxe, o BNG e a comunidade do Corgo quixeron manter viva a memoria de Quique Casanova e o seu legado, exemplo de dignidade, compromiso e loita polos dereitos do pobo galego.

portomarín

Os III Cantos de Taberna e a VII Foliada serán o 12

A música tradicional e o espírito festivo regresan a Portomarín o sábado 12 de xullo coa celebración dos III Cantos de Taberna e a VII Foliada, unha xornada que promete encher as rúas da vila de ritmo, sabor e tradición.

O evento está organizado pola Asociación Cultural Río Miño de Portomarín, coa colaboración do Concello da localidade.

A actividade dará comezo ás 18:00 horas e prolongarase “ata que o corpo aguante”, segundo anuncian os organizadores, que avanzan que os horarios máis concretos se comunicarán a medida que se ache-

gue a data.

O programa inclúe os tradicionais Cantos de Taberna, nos que diferentes grupos animarán os bares e rúas con cancións populares, ademais dunha cea popular, foliada libre e o sempre espectacular conxuro da queimada, un ritual máxico que combina música, lume e tradición galega.

O evento, que xa se consolida como unha cita destacada no verán cultural de Portomarín, busca fomentar a música tradicional galega e a convivencia entre veciños e visitantes nun ambiente festivo e participativo.

O PSdeG denuncia a suspensión dos plenos

O PSdeG-PSOE de Portomarín vén de denunciar unha nova suspensión do pleno municipal por parte do alcalde, unha práctica que, segundo sinalan, se repite de forma constante ao longo do mandato e que consideran unha “grave falta de respecto ás obrigas institucionais e ao normal funcionamento democrático do Concello”.

O voceiro socialista, Sergio Vázquez, lamenta “a absoluta falta de planificación e responsabilidade” do rexedor, asegurando que só se lembra dos plenos cando a oposición presenta mocións. “Acordouse porque presentamos mocións, pero logo nin fala cos seus nin se preocupa de cumprir co procedemento”, afirmou. Desde o grupo socialista aseguran que esta actitude reflicte unha deixadez intolerable e unha total ausencia de vontade política. “Non ten interese en gobernar nin en dar resposta ás necesidades da veciñanza.

Nin sequera cumpre co mínimo que se espera dun alcalde”, engade Vázquez.

O PSdeG tiña previsto someter a debate dúas mocións de relevancia: unha para reclamar á Xunta a cobertura inmediata da praza de médico vacante no centro de saúde de Portomarín, ante a ausencia de atención médica en días completos e a falta de reforzos no verán, a pesar da importancia do municipio no Camiño de Santiago; e outra para instar á Xunta a aceptar os 380 millóns do novo Plan Estatal de Vivenda, que permitirían construír 4.000 vivendas públicas en Galicia.

“Non imos permitir que Portomarín siga sen médico porque o alcalde non quere molestar á Xunta”, subliñou Vázquez. E sobre a vivenda, denunciou que “a negativa a aproveitar fondos estatais só revela a subordinación total do PP aos seus intereses partidistas”.

NOVA OFICINA DE TURISMO



Abriu ao público a oficina de turismo, na que, ademais de ofrecer información e recomendacións turísticas, é posible selar a credencial do peregrino. O horario de atención é de 14:30 a 20:30 horas todos os días agás os xoves.

Declaración de impacto ambiental favorable do parque de Monciro

A Xunta ditou declaración de impacto ambiental (DIA) favorable sobre a ampliación do parque eólico de Monciro, nos concellos lucenses de Pol e Castroverde, condicionada, en todo caso, a que se cumpran tanto o recollido no estudo de impacto ambiental e no resto da documentación avaliada, como os condicionantes e o programa de vixilancia que figuran na presente DIA. Así consta na resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicada hoxe no Diario Oficial de Galicia, que conclúe que, tendo en conta todo o anterior, esta iniciativa empresarial, promovida pola empresa Naturgy Renovables, é ambientalmente viable. Neste sentido, a DIA foi elaborada no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto, un trámite no que a documentación presentada polo promotor foi sometida a participación pública, cun resultado de 12 organismos consultados

e co recepción unicamente de dúas alegacións ao expediente. Froito das consultas realizadas, a maioría dos informes emitidos realizaron a valoración correspondente e estableceron unha serie de condicionantes que se engaden aos incluídos no propio programa de vixilancia ambiental que recolle a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade. De feito, durante o propio procedemento ambiental o promotor realizou axustes no proxecto para atender as exixencias de distintos organismos e minimizar o impacto na contorna. O proxecto -cun prazo de execución de sete meses- consiste na execución dun parque eólico de 6,93 megavatios de potencia total nos concellos de Castroverde e Pol (Lugo) composto por dous aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, incluídos vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe dos aeroxeradores ou gabias de cableado.

As festas do Santiago Apóstolo contarán con catro días de música

Castroverde prepárase para vivir unha nova edición das Festas do Santiago Apóstolo cunha intensa programación que se desenvolverá do mércores 23 ao sábado 26 de xullo. O mércores 23, Día da Orientación, abrírase cunha sesión de orientabirring ás 19:30 horas e rematará co concerto das orquestras Los Satélites e Finisterre a partir das 23:00. O xoves 24, Día Grande, contará coa misa ás 13:00 horas e cunha tarde de animación que comezará ás 14:00 coa actuación de Nueva Fuerza. Ás 18:30, Pulpíño Viascón ofrecerá o seu espectáculo infantil, seguido pola Fuego Street Band ás 19:30. A xornada culminará coa actuación das orquestras Olympus e de novo Nueva Fuerza ás 23:30. O venres 25, Día do Patrón, comezará ás 12:00 coa batucada Tambukda, seguida da misa e procesión ás 13:00. Durante a tarde, D’Cano actuará ás 14:30, Mekanika Rolling Band ás 19:30, e a noite pecharase co Combo Dominicano e D’Cano ás 23:30. Haberá fogos artificiais á medianoite.



O sábado 26, Día da Foliada, terá actividades dende o mediodía, co grupo Os Valuros de Castro de Rei ás 13:00. Os xogos infantís darán comezo ás 16:30, e ás 19:30 celebraranse Cantos de Taberna, con grupos como TrasdaLomba, Toxo Queimado, Airlños do Neira e Os Xílgaros de Lugo.

ADULFEIRAS. O broche final porao o concerto de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre ás 22:30, que pertence ao ciclo Polavilas no paraíso,

quenlevará o seu espectáculo a tres localidades da provincia de Lugo: Samos, Castroverde e Barreiros. Un proxecto que busca difundir a música en galego máis alá dos grandes festivais, levando a cultura a espazos de menor tamaño e facilitando o acceso do público á música en directo. Os concertos serán de balde e permitirán desfrutar do repertorio que Xabier Díaz e o grupo Adufeiras de Salitre foron construíndo ao longo da última década. Desde o seu debut discográfico en 2015 ata o recente “Axúdame a sentir” (2024), o grupo consolidouse como unha das propostas máis sólidas e singulares do panorama musical galego, cunha posta en escena que poñen no centro a pandeireta e a voz colectiva das adufeiras. O ciclo encádrase nas liñas de colaboración institucional promovidas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que aposta pola música en galego como ferramenta de cohesión territorial e cultural, apoiando a programación musical tanto en festivais como en pequenas vilas e aldeas.

guntín

Convocado o certame Condado de Pallares na súa 19ª edición

A décimo novena edición do Certame de Investigación Condado de Pallares foi presentada no Museo Provincial de Lugo. Organizado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, o certame ten como obxectivo fomentar a investigación nos campos da lingüística, historia, arte, arqueoloxía, antropoloxía, etnografía e folclore no ámbito do antigo Condado de Pallares, que abrangue os concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballedo. Os traballos, que deben ser escritos orixinais e inéditos en lingua galega cunha extensión mínima de cen folios, poderán presentarse ata o 30 de setembro. O xurado dará a coñecer o seu fallo nun acto previsto para o 1 de novembro. O autor ou autora da obra premiada recibirá 4.000 euros, ademais da publicación do estudo, cunha tirada de 1.200 exemplares. Na presentación, a deputada Iria Castro valorou “a iniciativa da Asociación de Amigos do Mosteiro de



Ferreira de Pallares na organización deste certame, que visibiliza e dá valor á investigación e á produción de coñecemento no ámbito das humanidades e das ciencias sociais cunha importante dotación económica e coa publicación dos estudos premiados”. A deputada de Cultura destacou que “a continuidade na convocatoria permítenos contar hoxe cunha ampla bibliografía en galego para afondar en distintas cuestións relacionadas co patrimonio material e

inmaterial destes concellos”. Pola súa parte, a xefa do Servizo de Coordinación Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Lugo, Águeda Valín, felicitou á asociación organizadora por manter vivo un proxecto que definiu como “referente na divulgación e posta en valor da nosa historia, do noso patrimonio e da nosa identidade cultural”, e reiterou o apoio da Xunta a unha iniciativa “que dignifica a nosa cultura e promove o coñecemento da nosa terra”.

A localidade prepárase para as festas do 5 ao 7

O Concello de Guntín celebra as súas festas patronais de xullo entre os días 5 e 7 cun programa completo que combina tradición relixiosa, música e animación para todas as idades. A programación comeza o sábado 5 de xullo cunha misa solemne ás 13:30 horas seguida de procesión. A continuación, haberá sesión vermú e verbena coa actuación do Dúo Pedriñas e a orquestra La Fórmula. O domingo 6 repetirase o esquema con misa solemne e procesión ás 13:30 horas. A música estará presente durante toda a xornada coa sesión vermú e verbena a cargo do Dúo Stylo e da orquestra Combo Dominicano, que promete animar o ambiente con ritmos festivos. O luns 7 de xullo será o día grande para os máis pequenos e para as familias. Ademais da misa solemne, procesión e sesión vermú ao mediodía, a partir das 18:00 horas celebrarase unha festa infantil e

tardeo a cargo de Total Sport e o Grupo Rubí, ofrecendo unha alternativa de lecer para pechar estas festas con diversión para todos. **OBRADOIRO.** O Concello celebra tamén un obradoiro de verán dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá ata o 29 de agosto. A iniciativa levarase a cabo de luns a venres, en horario de 10.00 a 14.00 horas, co obxectivo de apoiar ás familias na conciliación da vida laboral e persoal durante os meses de verán. Durante o obradoiro, os cativos poderán participar en múltiples actividades lúdicas e educativas, ademais de desfrutar de excursións, xogos, piscina e inchables. Esta proposta busca ofrecer unha alternativa de lecer segura, divertida e enriquecedora para os máis pequenos, ao tempo que supón un importante apoio para os pais e nais durante a tempada estival.

“Gustaríanos maior proxección provincial para espallar a cultura”

Falamos con Cándido Díaz, director e fundador da Asociación Cultural-Musical Zuncurrundullo, gaiteiro e percusionista, así como técnico de son

Jessica Fernández

A Asociación Cultural-Musical Zuncurrundullo xorde en 1989 en Castroverde coa motivación de desenvolver actividades culturais e musicais na comunidade e, á par que a Asociación, nace tamén a Banda de Gaitas en 1990 a partir de un grupo folk que xa existía. Ambos colectivos están dirixidos por Cándido Díaz, quen sostén que a banda e a asociación están “estreitamente vinculadas, evolucionando conxuntamente ao longo do tempo”.

Nos seus inicios, a banda estaba formada por un número reducido de persoas do CPI de Castroverde, e co paso dos anos, o número de membros foi incrementando, “reflexando un crecemento positivo”, argumenta Díaz, polo que “a evolución tanto da asociación como da banda pode considerarse positiva, tendo en conta o aumento de membros e actividades realizadas”. Por outra banda, explica que a acollida por parte da sociedade de Castroverde foi “favorable desde o principio e continúa sendo así na actualidade”. Ademais, cre que “este colectivo é necesario no municipio, xa que promove a cultura e a música tradicional, enriquecendo a vida comunitaria”. Tanto é así que durante o ano, organizan diversas actividades culturais e musicais, ademais de participar en eventos

organizados por outras entidades, institucións e colectivos, como a Feira de Artesanía, o Magosto, concertos de Nadal, Entroido, Día da Muller, e nas procesións de Semana Santa en Castroverde e Betanzos.

Para levar a cabo todas estas actividades, contan con axuda das institucións, “aínda que sempre hai necesidades para mellorar ou manterse”, explica. E pon en valor, sobre todo, ao Concello de Castroverde, “co que colaboramos directamente na organización dos eventos e sempre están aí para todo o que necesitamos”.

De cara ao futuro, a Banda ten proxectos en mente para seguir medrando e contribuíndo ao panorama cultural da rexión. “Gustaríanos ter una maior proxección provincial para espallar a cultura. Somos unha Asociación sen fin de lucro, polo que funcionamos grazas ao voluntariado dos membros, cousa que ten moito valor cultural xa de por si”, subliña o presidente da asociación.

RECOÑECEMENTOS

Ademais da súa importancia a nivel local, a Banda de Gaitas Zuncurrundullo foi recoñecida a través de gañar numerosos premios na Liga Galega de Bandas de Gaitas, quedando como campións, sub-

campións e de terceiros en varias competicións durante a década dos 90; así como destaca a participación no Festival de Lorient e o de Guingamp na Bretaña, e no festival do Mandorlo in fiori de Sicilia.

Concretamente, en 1993, foron subcampións de fóra de Ourense; en 1994, campións de fóra de Ourense e terceiros no Grao Xeral; en 1995, subcampións de 1º Grao; en 1996, terceiros de 1º Grao e cuartos no Certame Galego BB GG; en 1997, subcampións de 1º Grao; en 1998, campións de 1º Grao e campións do Campionato Nacional; en 1999, subcampións de 1º Grao; en 2000, cuartos de 1º Grao; en 2001 e 2002, terceiros de 1º Grao, ademais de campións no ‘Cidade de Ponferrada’ en 2002; en 2003, subcampións no ‘Cidade de Ponferrada’; e en 2004, segundos no ‘49º Concurso de Internet’ de popularidade do ‘Mandorlo in Fiore’.

Por outra banda, fan fincapé no repertorio da Banda de Gaitas Zuncurrundullo, que “é moi variado e está tratado dunha maneira orixinal. Contén dentro del moitas pezas tradicionais galegas, obras de autor, composicións do Director, pezas tradicionais doutros países, bandas sonoras de películas e pezas clásicas. Neste repertorio, que suma máis de 100 pezas en total, pódense ritmos moi distintos e variados, representativos de cada



cultura e de cada forma musical, que, ao ser tocados con gaita, non perden o seu carácter propio”, comenta.

Zuncurrundullo fixo unha selección entre todo o seu repertorio para a gravación dos seus dous CDs: ‘Ultravioleta’ e ‘Ultravioleta II’ (Discografía), nos que se atopan 10 das principais suites que forman o repertorio dos seus concertos. Tamén “realizamos una gran variedade de pezas tradicionais galegas para que a xente baile e se divirta”, destacan

OS INSTRUMENTOS DA BANDA

Os instrumentos usados por Zuncurrundullo dentro da Banda de Gaitas son, en xeral, os comúns para estas formacións actuais: As gaitas de Si bemol (toda a Banda), gaitas de Do (toda a Banda), punteiros de Fa Grave, punteiros de Fa Agudo e punteiro de Sol. Estas gaitas son tradicionais galegas e constan de roncón baixo, ronqueta de man e chillón, e están fabricadas en madeira de granadillo (negra) e adornadas con alpaca polo Obradoiro Seivane, no que a Banda depositou toda a súa confianza. A Banda

adoptou posteriormente o ton de Si bemol para unificar tendencias entre as Bandas de Gaitas, xa que é este o ton que mellor se adapta pola composición destas. Ademais, as gaitas de Zuncurrundullo, nome ideado polo seu director, levan un “difusor de son” para que este, en vez de acabar no chan, fluíra cara a arriba e tivese máis potencia.

Pola súa parte, a percusión Zuncurrundullo opta por instrumentos tradicionais galegos e tamén polo modelo creado para Bandas de Gaitas, que inclúe os modernos tambores de alta tensión “Yamaha”, adoptados pola Banda para o mellor empaste coas numerosas gaitas, que posúen en xeral todas estas formacións.

Ademais, contan con instrumentos tradicionais galegos, como pandeiretas, charrascos e castañolas; así como percusión profesional “Premier e Yamaha”: bombo baixo, caixas de alta tensión “Yamaha”, timbais tenores e timbal multifónico. E contan con outros instrumentos, como o cencerro, os platillos, a campá, os rototones, as caixas chinesas, os bongós, etc. así como ás veces usáronse a marimba, a batería e as congas.

Castroverde acollerá o 17 de agosto a XVIII Feira de Artesanía

O vindeiro 17 de agosto, o Concello de Castroverde celebrará a XVIII edición da súa tradicional Feira de Artesanía e Gastronomía, unha cita xa consolidada no calendario estival que combinará demostracións de oficios tradicionais, degustacións de produtos típicos e variadas actuacións musicais e culturais.

A xornada arrancará ás 10:00 horas coa apertura da feira ao público e continuará coa XI concentración de motos e coches clásicos ás 11:00 horas no recinto feiral. Ás 12:00 terá lugar a inauguración

oficial, con recepción de autoridades e actuación da Asociación Cultural e Musical Zuncurrundullo, que percorrerá o recinto. Ás 13:00 horas, a mesma agrupación ofrecerá unha recreación musical teatral dunha feira de época.

O pregón da feira correrá a cargo da xornalista Pilar Alicia Carballo Portela, ás 13:30 horas, e a mañá pecharase cunha actuación da charanga Louband, mentres se serve un xantar típico galego ás 14:00 horas.

Xa pola tarde, ás 16:30, haberá festa de inchables nas piscinas



municipais. Ás 18:00 regresará a charanga Louband cunha nova actuación musical, e ás 19:30 será a quenda do circo, coa compañía Circo Chosco e o seu espectáculo “Távole”, que terá lugar no aparcadoiro das piscinas. O broche final poñerá a maxia do mago Martín Camiña co espectáculo

“Unha tarde con moito aquel” ás 20:30 na Praza do Concello. Durante todo o día, o público poderá gozar de obradoiros artesanais e demostracións en vivo de distintos oficios tradicionais, convertendo Castroverde nun escaparate vivo do patrimonio cultural galego.

O PP denuncia o caso de asfalto derretido na estrada LU-P-1201

O Grupo do Partido Popular na Deputación Provincial preguntará no vindeiro Pleno que ten previsto facer o goberno coa estrada provincial LU-P-1201, que en Castroverde presenta un problema grave: o asfalto está a derretirse co sol.

O voceiro provincial, Antonio Ameijide, manifestou a súa preocupación e cuestiona se o presidente da Deputación, José Tomé, e o alcalde e deputado provincial, José María Arias, van seguir permitindo esta “chapuza” ou tomarán medidas para que os veciños e veciñas non se vexan afectados ao circular a pé ou en coche por esta vía.

O PP xa denunciara esta mesma situación o ano pasado, poucos días despois dunha renovación do firme.

COLABORACIÓN

O agradecemento non se compra en Amazon

O PUPITRE



Julio Díaz

Flores, debuxos, cartas, spa, escapadas de fin de semana, pezas de xoiería,... Este é o amplo abano de regalos que reciben os docentes cando finaliza o curso escolar por parte das familias en agradecemento pola dedicación aos seus fillos durante todo o curso. Cando un busca en Google ideas de regalos de fin de curso para profes, o buscador ofrece resultados que van dende os 10 ata os 175 euros; se buscas noutros buscadores, os resultados son similares. Entre os obxectos destacan bolsas, botellas, cuncas personalizadas, caixas regalo, bonos spa ou para un restaurante.

Eu non son partidario que a ninguén polo seu traballo se lle teña que incentivar con grandes agasallos nin con caros obxectos, moitas veces en competencia entre familias para ver quen é máis á hora de agasallar. Eu son máis partidario da xenerosidade e desprendemento no día a día, trasladado no recoñecemento do noso traballo e no prestixio que a nosa profesión debe recuperar.

Rebota no meu cerebro a reflexión dun docente que escoitei fai uns días "os docentes o que necesitamos son menos regalos e máis recoñecementos e apoio por parte das familias e da sociedade e por riba de todo dunha Administración que cada día vapulea o noso traballo, aínda que iso, hoxe en día, non deixa de ser máis que unha utopía. O regalo polo regalo ou pola obrigación a min páreceme innecesario pero aínda me

parecen máis innecesarios e fora de lugar os regalos colectivos.

Ninguén debe meterse en si un pai/nai quere ter un detalle, non facelo, canto quere gastar ou non quere gastar nada, ou non pode; por iso estou totalmente en contra dos regalos colectivos, xa que cando se preme ao grupo de pais, ao final non é positivo pois moitos deles vense contra as cordas e incluso vense ao final obrigados a facer ese pago para que o seu fillo non sexa inferior ao resto.

Venme á memoria unha anécdota que escoitei e foi que un grupo de pais decidira comprar unha funda nórdica coas caras dos nenos de toda a clase estampada, aínda que ao final primou a cordura e o regalo foi outro. Imaxinan a ese pobre docente todas as noites con ese panorama antes de durmir coas caras de Luisito, Sorallita, Fermín, Tonecho...

vendo como te quedas sopa e poñendo os pés a Sarita e a Marco que xa non se despegan de ti en todo o día, uff uff deixa, deixa. Vou pechar "o pupitre" deste mes coa miña experiencia persoal: levo xa 40 anos, doutra maneira ou outra, no mundo do ensino e o mellor recordo que teño foi un agasallo dun alumno, dun alumno moi especial, foi no primeiro contacto con rapaces de curta idade. Eu viña de impartir docencia a rapaces adultos e mesmo universitarios e o meu primeiro contacto con alumnos de primaria foi moi impactante, incluso cheguei a pensar en claudicar e volver aos meus "maiores"; despois duns días non o deixaría por nada, foi un curso gratificante, no que tiveron un alumno cun síndrome que o facía

especial, teño que dicilo, volqueime con el, era unha esponxa. Quero recordar ese final de curso, eu estaba de paso nese centro, a 150 km da miña casa e rematado o curso ese rapaz e a súa nai viñeron a agradecerme o meu traballo e que por favor volve ao curso seguinte "menudo regalazo" aínda tendo que facer 300 km diarios gustárame volver a ver ao meu Xabier.

Eu quedome co regalo da nai de Xabier, un boli artesán, e paso de spa e do xamón. Sinto non ter atopado en ningún buscador ao consultar "regalo para docentes" o seguinte lema "o mellor regalo é que valores o seu traballo e colabores con el no ben común, que é o teu fillo".

Boas vacacións.

Casas sen xente

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Exente sen casa, poderíamos engadir para completar unha frase escoitada de forma recorrente e que reflicte unha evidente paradoxa en relación a un problema que ven afectando á nosa sociedade, o acceso á vivenda. Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), aproximadamente unha terceira parte das casas no conxunto da provincia de Lugo están deshabitadas. Ben é certo, e así cómpre sinalalo, que parte delas non reúnen condicións de habitabilidade, é dicir, que precisarían dunha intervención en profundidade para que obtivesen tal condición. Chama a atención o desglose dos datos, xa que na propia cidade de Lugo, a porcentaxe chega ata o dezasete por cento, isto é, entorno a dez mil

vivendas; ou Monforte, o segundo municipio máis poboado, no que un corenta por cento están baleiras. En canto ós concellos chairegos, en xeral, máis dun terzo das mesmas carecen de habitantes de forma continuada. Si é certo que existen outros usos, como o vacacional e turístico, ou a segunda residencia; así mesmo, nas zonas rurais, aínda non existindo ese relevo xeracional que garanta a continuidade de vida na Casa -con maiúscula-, porque ese herdeiro, ou varios, ten ocupación diferente á que tiñan os seus proxenitores e probablemente non viva nin no mesmo concello, si acreditamos que normalmente si se produce ese apego que deriva en certo compromiso coas orixes, incluído o de conservar a casa familiar, facendo bo o refrán de que o corvo, aínda nacendo nunha pena, volve a ela.

Estamos diante dun problema frecuente; a vivenda aparece como un dereito fundamental das persoas, pero chegar a unha estase a con-

verter nos últimos tempos en misión case imposible. Contemplamos abraizados a suba desorbitada de prezos, tanto para alugar como para comprar, non só en núcleos urbanos, senón tamén nas vilas e aldeas constatamos este fenómeno.

Volvendo ó inicio do artigo e os datos ós que se fai alusión, por un lado, un parque de casas e pisos baleiros, e polo outro, persoas que anhelan acceder a un ben de primeira necesidade e que as súas condicións non llelo permiten. Cal pode ser a solución a esta aparente contradición, preguntámonos os cidadáns. Pois non semella doada. O despoamento e avellentamento que sufrimos na Galicia Interior, poderíase atenuar algo coa chegada de familias novas que buscan un lugar onde desenvolver o seu proxecto de vida. A conta gotas, vemos que nos últimos tempos si se están asentando eses novos habitantes, que son expulsados dun mercado inmobiliario urbano prohibitivo. Polo tanto,

O RECUNCHO DE CANELINA



se moitas desas casas que non teñen un uso continuado se ofertaran, seguro que clientes non faltarían. E xa dando un paso máis, aliviando os requisitos para a nova construción, sempre dentro dunha orde e con rigor, no noso territorio, probablemente tamén facilitaríamos a che-

gada ó rural de nova vida.

A complexidade do asunto é tal que non se solucionará con simples medidas. Pero si se precisaría unha intervención para modificar unha triste realidade dos tempos actuais. A quen lle corresponda, debería tomar a iniciativa e intentalo.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DEPUTACIÓN

Adxudicado por medio millón o programa E para Dixitalizarse, Lugo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou por case medio millón de euros adxudicar o contrato do programa E para Dixitalizarse, Lugo. Así o informou tras a reunión a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen destacou que esta iniciativa “ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á veciñanza, reducir a fenda dixital e fomentar a inclusión no territorio”.

O proxecto está financiado con fondos europeos captados pola Deputación ao abeiro do Reto Rural Dixital, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea, e desenvolverase ata o 20 de marzo de 2026, aínda que o 60% das accións deberán executarse antes do 31 de decem-

bro de 2025.

Pilar García Porto explicou que “se trata dunha proposta pioneira coa que a institución provincial levará formación en competencias dixitais á veciñanza dos 55 concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes”, quedando fóra só os municipios máis poboados: Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Lalba, Sarria, Foz, Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

A programación, que será deseñada xunto coa empresa adxudicatária, incluírá 500 accións formativas centradas nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), e estará adaptada a diferentes perfís e idades. A formación abranguerá desde o uso de aplicacións móbiles

ou a banca electrónica para persoas maiores, ata contidos de informática básica, redes sociais ou ciberseguridade para a mocidade, persoas desempregadas ou emprendedoras.

Tamén se ofrecerán obradoiros dirixidos a familias sobre os riscos de internet ou o uso responsable dos dispositivos.

“A posta en marcha deste proxecto demostra, unha vez máis, a capacidade do Goberno da Deputación para captar fondos europeos, que xa superan os 18 millóns de euros desde o ano 2019”, sinalou García Porto. Un investimento que “permitiu desenvolver proxectos clave contra o despoboamento no rural e a favor da modernización dos concellos, como os programas Xeopadrón ou Impulsa TIC”, engadiu.

Comezan os traballos de desbroce en 4.200 quilómetros de vías

A Deputación de Lugo comezou este luns, 2 de xuño, os traballos de desbroce nos máis de 4.200 quilómetros de estradas provinciais. A institución provincial destina este ano en torno a 1,5 millóns de euros a estas tarefas que arrancan de forma simultánea nas 24 zonas nas que está dividido o contrato da súa rede viaria para levalo a cabo dun xeito máis eficiente.

As rozas terán un prazo de execución dun máximo de mes e medio, polo que está previsto que a mediados de xullo estean rozadas as estradas provinciais nos 67 concellos. Unhas tarefas coas que a Deputación mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención de incendios durante o verán.

As 24 zonas nas que está dividida a rede provincial para desenvolver os desbroces son as seguintes:

A mellora da mobilidade centra outro dos grandes piares dos Orzamentos este ano 2025, e por iso o Goberno provincial destina ás estradas máis do 21 % do total. A Deputación incrementou, ata os 27,31 millóns de euros as partidas de obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, o que representa unha suba destes apartados en máis dun 42 % respecto ao 2024, cando a institución destinou 19,4 millóns de euros. O dobre do investimento que no 2019, cando as partidas para estradas sumaban algo máis de 14 millóns.



Rematan con éxito as rutas do Románico

Unhas 300 persoas desfrutaron estes días da quinta edición do Coñece o románico da provincia de Lugo, un programa de rutas gratuítas que organizou a Deputación pola provincia. Neste quinto ano, a institución provincial programou un total de 16 itinerarios ao seu paso por unha vintena de concellos co obxectivo de poñer en valor e difundir o patrimonio do territorio lucense.

“Todas as rutas completaron as prazas, polo que esta nova edición foi un éxito un ano máis”, sinalou a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto. Explicou a responsable provincial que este programa enmárcase na estratexia turística da Deputación de Lugo, que aposta por un modelo de turismo de proximidade, sostible,

de calidade, e desestacionalizado. Unha iniciativa que se desenvolve en pequenos grupos, sen masificacións, e que deixa valor real no territorio en termos económicos e de emprego.

As visitas comezaron o último venres de maio co itinerario guiado en Lugo, pola Catedral de Santa María e a Cidade Medieval. Esa fin de semana tamén houbo rutas polo Saviñao, Portomarín e Paradela, Taboada e o rural da capital lucense; Monforte de Lemos, Foz e Viveiro. Este sábado pasado, 7 de xuño, foron protagonistas os percorridos polo románico de Pantón, Antas de Ulla, Ribas de Sil, Quiroga, Palas de Rei e Monterroso. A edición finalizou onte, domingo, con itinerarios por Sarria, Chantada, Meira e Sober.

O Impulsa TIC renovará equipos e sistemas de protección nos concellos

A Xunta de Goberno aprobou ampliar o proxecto Impulsa TIC, o programa que lanzou a institución provincial para a transformación dixital e modernización das administracións locais da provincia. Así o explicou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen detallou que “concretamente, acordamos licitar dúas novas actuacións por algo máis de 240.000 euros para a instalación dunha nova infraestrutura que permita mellorar as capacidades e servizos de 31 concellos”.

Para paliar esta situación, a Deputación de Lugo licita dous proxectos por un importe de 120.879 euros cada unha para os 31 concellos que solicitaron participar nesta nova actuación. O primeiro deles irá destinado á renovación de servidores municipais. “Dotaremos a

estes concellos de equipos informáticos novos de última xeración para ampliar as capacidades e recursos tecnolóxicos dos servidores municipais actuais, con medidas de seguridade e dispoñibilidade”, explicou García Porto, quen engadiu que dentro do contrato non só se realizará o subministro, senón que se instalará e configurará en cada concello para que quede completamente operativo.

A Deputación levará a cabo un segundo proxecto para implantar sistemas de protección e de copias de seguridade, que preveña por unha parte de accesos indebidos aos principais servidores e, por outra, que conteña proteccións ante cortes de subministro eléctrico, co fin de aumentar a seguridade e dispoñibilidade dos servizos municipais.



Unha sesión formativa do Xeopadrón arranca o programa nos concellos

Os representantes dos 67 concellos da provincia participaron na xornada técnica organizada pola institución provincial para poñer en marcha o Xeopadrón, o programa de dixitalización da información municipal. A cita contou coas explicacións dos responsables da empresa adxudicatária sobre o alcance das primeiras tarefas desta iniciativa na que a Deputación inviste 1,3 millóns de euros.

Na xornada, participaron máis de 50 persoas, entre alcaldes, alcaldesas, tenentes de alcaldes e técnicos municipais.

Esta nova iniciativa da institución provincial ao servizo dos concellos está pensada “para avanzar na modernización da administración local”, explicou José Tomé, quen valorou

ademais que “contar cun padrón municipal actualizado, rigoroso e vinculado ao territorio é clave para planificar ben, xestionar mellor e tomar decisións informadas”. “Iso é o que nos propoñemos con Xeopadrón: mellorar a calidade dos datos do padrón, depuralos e vincular esa información cunha base de datos xeorreferenciada de fogares e vivendas. Un paso estratéxico cara ao futuro Padrón Online que está desenvolvendo o INE a nivel estatal”, argumentou.

“Desde 2019, levamos conseguido máis de 18 millóns de euros en fondos europeos, e con eles estamos a transformar servizos e estruturas nos concellos da provincia”, recordou o presidente.

DEPORTES

EN BREVE



BIOSBARDO. O CD Biosbarido sumou en Huesca dúas medallas de prata de Federico Losada e Emilio Montilla, que se proclamaron subcampións de España nas categorías M45 e M50, respectivamente. Losada repetiu éxito cunha nova medalla de prata en M45, mentres que Emilio Montilla acadou o bronce en M50 tras unha brillante remontada na baixada final.



VOLANTE DEPUTACIÓN. Sergio Lozano Granda foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se celebrou no circuíto da Pastoriza co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O mozo, de Pacios, no Concello de Castro de Rei, de 22 anos, foi o máis rápido na final, polo que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2025



DESCENSO DO MIÑO. A participación na LXVIII edición do Descenso do Miño superou os 300 padexeiros, 270 embarcacións e 30 clubs de toda Galicia. A competición coroou a Xael Docal, do Club Ría de Betanzos, como vencedor en K-1 masculino, mentres que Jesús Rodríguez e Paco Vázquez, do Club Fluvial O Barco, fixeron historia no K-2 masculino. No K-1 feminino venceu Nuria Romero, do Club Piragüismo Cidade de Lugo, mentres que Iris Collazo e Iria Rosendo, do Club Náutico de Cobres, gañaron o K-2 feminino.



RUGBY. O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, recibiu no Pazo de San Marcos ao equipo sub 14 do Muralla Rugby Club, que vén de proclamarse campión da Copa Galega de Rugby 7. A conquista da Copa supón, ademais, un recoñecemento ao traballo que o Muralla Rugby Club vén desenvolvendo como entidade referente deste deporte desde as categorías de base.

O CD Lugo abre unha nova era con cambios en todos os estamentos

O Club Deportivo Lugo inicia a tempada 2025-2026 cunha profunda reestruturación que marca o final dunha etapa e o comezo doutra. Tras unha década á fronte da entidade, Tino Saqués despediuse da presidencia recoñecendo o desgaste acumulado, pero asegurou que atopou o relevo idóneo na figura de Ronald Baroni, a quen definiu como unha persoa comprometida coa cidade e co futuro do club.

Pola súa parte, Ronald Baroni expresou a súa satisfacción por culminar un proceso de transición que levou con responsabilidade e agarimo. Declarouse agradecido polo traballo da anterior directiva e remarcou que, malia o cambio de nomes, os obxectivos seguen intactos: recuperar a categoría profesional e profesionalizar todas as áreas do club. “Está todo encamiñado”, afirmou, referíndose aos proxectos en marcha como a remodelación do estadio, a creación da cidade deportiva ou a modernización das infraestruturas. Entre os piares do novo proxecto destaca o plan estratéxico a tres anos que abrangue os ámbitos deportivo, económico e social. A cidade deportiva figura como unha das máximas prioridades para centralizar o traballo da base e xerar talento propio.

NOVA DIRECCIÓN. Coa chegada de Baroni tamén se renovou a cúpula executiva do club. Adrián Raguza asume a dirección xeral e a vicepresidencia, achegando a súa experiencia en xestión e planificación estratéxica. Raguza sinalou con claridade o



obxectivo deportivo inmediato: “O ascenso”.

Pola súa banda, Javi Recio encárgase da dirección deportiva, achegando unha longa traxectoria na dirección deportiva en clubs profesionais tanto en España coma no estranxeiro. Recio destacou incorporar novas pezas para fortalecer o equipo. Así, o primeiro paso foi atopar un adestrador, elixindo a Yago Iglesias, técnico que se mostrou entusiasmado coa oportunidade e destacou que o que lle transmitiu a dirección foi decisivo para aceptar o reto.

NOVOS XOGADORES. O proxecto comeza a tomar forma tamén no vestiario, con seis incorporacións xa confirmadas para a tempada 2025-2026. O primeiro en chegar foi Víctor Pastrana, extremo de 28 anos, con ampla experiencia na categoría e máis de 60 partidos en Segunda División. Tamén se sumou Diego Caballo, lateral esquerdo formado na canteira do Real Madrid e con paso por clubs como o RC Deportivo,

Albacete ou Sydney FC. Outro dos reforzos é Txus Alba, centrocampista creativo formado en La Masía, que se presenta como unha aposta de futuro pola súa visión de xogo. E tamén chegan Santi Samanes, extremo esquerdo que destaca pola súa capacidade para o un contra un e pola súa traxectoria sólida en categorías semiprofesionais; e Álex Balboa, que reforzará a medular do equipo tras formarse na canteira do Deportivo Alavés. Para a portaría, o club fichou a Iker Piedra, porteiro de 23 anos procedente das canteiras do Deportivo, Espanyol e Girona, que destaca pola súa axilidade e capacidade de reacción. Ao tempo, o club despediu a varios xogadores que non continuarán no novo proxecto. Entre eles están Erik Ruiz, Bernardo Cruz, Dani Vidal, Raúl Hernández, Guille Perero, Ander Zoi-lo, Pedro Pereira e Marcos Sánchez, así como tamén os xogadores cedidos Yayo González, Brian Mendoza, Jerry Afriyie, Alberto Vaquero e Roger Martínez.

O PortaMiñá pecha a tempada cun balance “difícil de mellorar”

O Club Natación Portamiñá puxo o broche final á tempada cun rendemento deportivo excepcional, especialmente nas categorías infantís, nas que lograron uns resultados que desde a entidade cualifican de “difíciles de mellorar”. O pasado domingo concluíu en Pontevedra o Campionato Galego Infantil cun balance moi positivo para o club lucense: proclamáronse campioas galegas na categoría feminina, acadaron o segundo posto na clasificación conxunta por equipos e o sétimo na categoría masculina. A nivel individual e por relevos, os

nadadores e nadadoras do Porta-miñá sumaron un total de 22 medallas: seis ouros individuais, tres ouros en probas de relevos, nove pratas e catro bronce. Ademais, o equipo Benxamín do Club Natación Portamiñá coroouse campión da Copa Galega Benxamín na piscina de Frigsa, pechando unha tempada brillante e reafirmando o gran momento que vive a entidade lucense. Este novo triunfo chega apenas unha semana despois do éxito conseguido polos Prebenxamíns, consolidando así o traballo sostido do

club coas categorías de base. A actuación dos Benxamíns confirma ao PortaMiñá como unha das referencias imprescindibles da natación galega, grazas ao esforzo dos nadadores máis novos e á dedicación dun corpo técnico que continúa formando talento desde as idades máis temperás. Uns resultados que consolidan ao club como un dos referentes da natación de base en Galicia e que supoñen un recoñecemento ao traballo técnico e ao compromiso das e dos deportistas ao longo de toda a tempada.

Queremos evolucionar e acoller cada vez campionatos maiores”

Falamos con Belén Encabo, secretaria do Club de Billar Adai, que pon en valor ser o único club que se atopa nun espazo non urbano

Jessica Fernandez

Como se formou o Club de Billar Adai?

Como parte da profesionalización do billar, deixando atrás os bares e xogando cada vez máis en clubs privados cun ambiente máis profesional como un deporte federado e de competición, un grupo de xogadores de Lugo, entre eles o presidente do club, Pablo Marqués pon en marcha o Club de Billar Adai na parroquia homónima do Concello do Corgo, de onde é o presidente. Así, o Concello deixounos unhas instalacións que estaban baleiras, que era a antiga escola de Adai, e alí puxemos en marcha o noso club en xuño de 2021. Así, a base de ir pouco a pouco e grazas ás subvencións conseguimos ter, a día de hoxe, seis mesas grandes de nove pés, coas que competimos, e dúas mesas de sete pes, que son as que adoitan haber nos bares. Unha delas é para que os veciños e veciñas que queiran poidan utilizala de forma gratuíta e que practiquen, sobre todo os nenos, e outra cedémola aos colexios por tempadas para que os nenos practiquen e se animen a vir ás clases que temos unha vez ao mes para os máis pequenos.

Cantos socios teñen?

Agora mesmo contamos con 40 socios e 200 licencias. Eses 40 socios pagan unha tarifa de 20 euros, o que dista moito das cotas que se pagan en Lugo, que roldan os 50 ou 60 euros. Nós, ao estar aquí na zona rural e ao ter que desprazarse, temos unha tarifa máis asumible. Ademais, como non pagamos nada de alugueiro, xa que o Concello do Corgo nos cede as

instalacións, podemos permitírnos ter esa cota baixa. Con respecto ás idades, temos persoas de todos os rangos, pero si que estamos enfocados en promover que haxa máis nenos. No club somos tres os técnicos que estamos formados para ensinar aos máis pequenos e facémolo porque cremos que é importante dar clase de billar para ter canteira e promover o gusto polo billar. Ademais, queremos que veñan os nenos porque levar as mesas aos colexios non é sinxelo, aínda que si nos gustaría no futuro dar clases nos colexios.

Comentaba antes que contan co apoio do Concello do Corgo, teñen máis axudas?

Temos a gran sorte de contar co apoio do Concello para ter un local no que non temos que pagar nada, polo que as subvencións que pedimos van directamente á evolución do club, por iso medramos tan rápido. Ademais, contamos co apoio da Deputación de Lugo, que leva catro anos apoiando a celebración do Campionato Galego Feminino, e coa Xunta de Galicia, que patrocinou dúas Copas de España Femininas, xa que nós, e eu concretamente, apostamos moito polo deporte feminino. Temos moitas socias mulleres e impulsamos o seu recoñecemento. Ademais de organizar o campionato galego, tamén acolleemos un evento feminino a nivel nacional cada ano. Todo o que se faga é importante porque ademais o billar é un deporte minoritario, non é como o fútbol. Por iso, todo o apoio que teñamos é necesario, xa que tamén existe unha afección que vai crescendo.

Que ten de especial o Club Billar Adai?

Somos o único club de España situado en núcleo non urbano, xa que todos os clubs de España se atopan en cidades, sobre todo en polígonos, xa que se necesitan superficies moi grandes, e a maioría son naves con moitas mesas. Así, á xente encántalle xogar no noso local porque ve as vacas desde a ventá. Aos xogadores encántalles, pero aos pais que traen aquí os nenos tamén, porque despois de xogar ao billar, poden saír e correr polo campo e xogar con outros nenos. É un ambiente moi sano para os máis pequenos e dá tranquilidade ás familias.

Que valores se transmiten neste deporte?

O billar é un deporte individual, polo que intentamos transmitir que, a pesar da competición, esta debe ser amigable e sa sempre. Hai que xogar para intentar superarse a un mesmo e respectar ao contrincante. Ensinámoslles aos pequenos que, cando comeza un partido, hai que darlle a man ao rival e ao terminar igual, felicitando ao gañador.

Que actividades se promoven desde o Club?

Respecto ás actividades, o noso local está dispoñible para todos os socios as 24 horas do día, sobre todo de 09.00 a 22.00 horas, para que quen queira poida ir adestrar e xogar cando queira. Ademais, temos clases para nenos unha vez ao mes. Logo, somos sede do ranking galego absoluto, que fai seis probas na tempada para que se xoguen os galegos absolutos, masculinos e femininos, e



está toda a categoría xunta. E tamén temos torneos propios. Por exemplo, este ano fixemos un circuito gastronómico, con paradas en distintos restaurantes do Corgo. Sempre intentamos, sobre todo, dinamizar o municipio do Corgo. Tamén fixemos un ranking para levar un xogador e competir en Las Vegas nun campionato mundial. E ademais facemos o famoso torneo Feira de Adai, que temos feira o 13 de xuño nel compartimos cos veciños, comemos polbo e poñémolles en valor a un dos eventos máis importantes do pobo.

Cales son os proxectos de futuro?

Nós o que queremos é evolucionar cara a arriba e, como proxecto máis urxente, é organizar un campamento de verán na escola para os nenos e nenas, aproveitando o feito de estar na natureza e o deporte do billar. Incluso, se puideramos acampar, sería xenial, pero necesitamos contar con apoio das institucións. Despois, outro obxectivo é ampliar o número de mesas, polo que necesitamos que saian máis subvencións de material deportivo. Se tivéramos oito mesas, poderíamos optar a acoller campionatos maiores, como unha Copa de España absoluta e que todos os integrantes do club teñan a posibilidade de disputala; ou incluso un campionato internacional.

Que persoas destacan no Club Billar Adai?

Actualmente temos a Maite como a estrela do club, xa que é a única que se aventurou a chegar a unha carreira internacional. Ela está a investir o seu tempo e o seu diñeiro, algo moi importante neste deporte, onde non abundan os patrocinadores, polo que un mesmo ten que apostar por si mesma para converterse en profesional, e iso xa lle está a dar froitos: actualmente está no top 20 do ranking mundial feminino e vaille moi ben. É a persoa que máis destaca, pero, obviamente, tamén temos outros xogadores con moito talento. Contamos con Jesús Vázquez Vallejo, Javier Raposo, que conseguiron títulos a nivel estatal, e tamén Francisco Doval. Todos eles lograron títulos a nivel nacional e, se tivesen máis tempo para competir, porque moitas veces é difícil compaxinar co traballo e outras obrigas, estamos seguros de que obterían aínda mellores resultados. O billar tamén ten as súas tempadas: ás veces é complicado cadrar co traballo ou outras responsabilidades, e iso non permite dedicar todo o tempo que se quixera. A base de adestramento, intentamos que os xogadores melloren e poidan acadar máis éxitos, e aí estaremos sempre para apoiálos.

O CD Breogán perfila o seu proxecto con renovacións e fichaxes

O Club Baloncesto Breogán comeza a deseñar o seu proxecto para a tempada 2025–2026 cunha aposta pola continuidade e novas incorporacións que achegan calidade e versatilidade ao equipo.

O director deportivo do club, Tito Díaz, realizou unha valoración da pasada campaña destacando o bo labor do técnico Luís Casimiro, cuxa continuidade xa está confirmada xunto co resto do cadro técnico. Díaz subliñou a importancia de manter un grupo de traballo sólido que permitiu dar estabilidade ao vestuario e que servirá de base para a nova

tempada, cuxa pretempada dará comezo o 31 de agosto cunha estadia na Mariña, onde se quere reforzar o vínculo coa afección da zona. Ademais, o Breogán prevé realizar unha presentación en Lugo e competir na Copa Galicia como único representante galego na ACB.

No capítulo de movementos no cadro de xogadores, o club anunciou a renovación de Dragan Apic, peza clave no xogo interior breoganista. Pola contra, o escolta croata Toni Nakić pon fin á súa etapa en Lugo despois de tres tempadas, despedíndose con palabras de gratitude cara



á afección.

Entre as novas incorporacións destaca a chegada do escolta estadounidense Keandre Cook, un xogador de 28 anos e 1,96 metros que se caracteriza pola súa versatilidade e capacidade anotadora. A pasada tempada acumulou experiencias en Australia, China e Israel, acadando en todos os destinos cifras destacadas tanto en anotación como en rebote, e mos-

trando unha gran capacidade para xerar vantaxe en situacións de 1x1 e bloqueo directo.

Tamén se incorpora ao Río Breogán o ala-pivot Bakary Dibba, unha das promesas do baloncesto danés. Cun físico explosivo e gran mobilidade, chega desde o MLP Academics Heidelberg, semifinalista da Bundesliga. Con 23 anos e 2,06 metros de altura, destaca pola súa capacidade

para defender a xogadores interiores e exteriores e pola súa enerxía no rebote. O terceiro nome propio anunciado polo Breogán é o do internacional español Francis Alonso, escolta coñecido pola súa traxectoria na ACB e polo seu perfil anotador. O Club Baloncesto Breogán vén de presentar a Breogán Academy, un ambicioso proxecto que vai máis alá da formación deportiva tradicional e que se define como unha visión de futuro para toda a provincia.

A iniciativa, segundo explicou o director xeral do club, Salva Arco, nace como un espazo de crecemento baseado na formación integral, os valores e a comunidade, cun claro obxectivo: acompañar, sumar e colaborar, nunca substituír. “Recoñecemos o inmenso traballo dos clubs da provincia. Este proxecto non sería posible sen eles”, afirmou Arco durante a presentación.

DE RUTA EN RUTA

A Pontenova: Ruta das Reigadas

O traxecto avanza seguindo o leito do río Reigadas internándose nunha das carballeiras atlánticas mellor preservadas

Andaina pola ruta da Fraga das Reigadas arranca na aldea de Barreiros, pertencente á parroquia de Bogo no Concello da Pontenova, localizada a uns 26 quilómetros do centro urbano, polo que será preciso dispoñer dalgún medio de transporte para acceder ata alí. Deste xeito, saíndo desde o núcleo urbano da Pontenova, hai que tomar a estrada cara A Fonsagrada (LU-704), atravesando lugares como Vilaoudriz e Aldeguer (desde este último punto a vía pasa a denominarse CP-1904), continuando por Cerdeiral e Sanxés. Ao chegar ao quilómetro 20,8 aproximadamente, atoparemos o cruzamento coa CP-5404, onde se debe seguir en dirección A Fonsagrada. Proseguindo pola CP-5404 avanzaranse uns 4,5 quilómetros ata

chegar ao lugar de Zarro de Pedro. Nese punto cómpre virar á dereita, seguindo o sinal que indica a entrada á aldea de Barreiros. Unha vez en Barreiros, para dar co comezo da ruta haberá que rodear a pequena capeliña deixándoa á man esquerda. Uns cen metros máis adiante atópase un panel explicativo coas indicacións da ruta. Este itinerario de tipo lineal percorre camiños coñecidos como “de pescadores” e está situado dentro da zona do Río Eo, Ocos e Terras de Burón, declarada Reserva da Biosfera pola UNESCO no ano 2007 e incluída tamén no LIC Carballido. O traxecto avanza seguindo o leito do río Reigadas e algúns dos seus múltiples regatos, como o Bounote, internándose no interior da Fraga das Reigadas, unha das carballeiras atlánticas máis



significativas e mellor preservadas do continente, onde predominan especies coma o carballo e o

castiñeiro, pero tamén se poden atopar exemplares pouco comúns como o teixo, o serbal dos cazadores ou o ulmeiro de montaña. O percorrido conclúe na antiga ferrería de Bogo, tamén chamada Ferrería de Vilaboa, que foi erigida no ano 1534 por Pedro de Miranda, fidalgo da zona. Sitúase á beira do río Reigadas, do que aproveitaba a forza da auga para accionar os foles e o mazo, en pleno corazón da Fraga das Reigadas. Da súa masa arbórea extraíase o carbón vexetal necesario para o proceso de fundición do ferro, procedente maioritariamente dos depósitos coñecidos como As Veneiras, moi próximos ao lugar. O complexo etnográfico inclúe un pequeno encoro cunha ferverza, a canle que desviaba a auga cara o banzado, a forxa co mazo e os foles, así como unha modesta central hidroeléctrica.

Consta tamén rexistro documental da existencia dunha ferrería máis antiga e de menor tamaño no mesmo emprazamento da actual, da cal non se conservan restos. No Catastro de Ensenada, datado a mediados do século XVIII, recóllense referencias a dous mazos situados no lugar de Machuco, moi preto da ferrería, dos que aínda son visibles as ruínas dun deles.



DATOS



2 h 50 min.



8,1 quilómetros



Dificultade fácil-media



MTD

TRACTOR CUB CADET MTD MODELO RE 130H

Motor: MTD - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidad recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciones



SUNSEEKER

ROBOT CORTACESPED POR GPS. INTELIGENCIA ARTIFICIAL HASTA 6.000M²

MV MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO

3.999,00 €
2.599,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo ahora y págalo en 12 meses sin intereses

DESDE 1.199,00 €

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com

FINANCIACIÓN

12 PÁGUE EN MESES SIN INTERESES